



CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1.

Cobertura social e prestacións económicas

4.2.

Saúde

4.3.

Indicadores de benestar social

4.4.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5.

Ocio e cultura

4.1.

Cobertura social e prestacións económicas

No ano 2011 apróbase a Lei 27/2011, de 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, que, ante os desafíos que supoñen a evolución demográfica da poboación española, e a necesidade de acadar a sustentabilidade financeira do sistema, pretende, fundamentalmente, prolongar a vida laboral dos traballadores, a través de medidas con diferentes calendarios de aplicación, dende a mesma data de publicación da norma, ata xaneiro de 2012, 2013, 2014 ou aplicacións paulatinas ata 2027 entre outros.

A citada Lei 27/2011 procede, na súa disposición adicional trixésima novena, a integrar o Réxime Especial da Seguridade Social dos Empregados do Fogar no Réxime Xeral, habilitando á modificación da regulación da relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar, o que se fai a través do Real Decreto 1.620/2011, do 14 de novembro.

Dende un punto de vista global, as obrigas con-

traídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, ascenderon a 7.411 millóns de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 5.146 millóns de euros.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación económica mantívose constante en torno ás 966 mil persoas, estabilidade consecuencia do incremento dos beneficiarios de pensións contributivas e prestacións contributivas por desemprego, compensado polo descenso no número de beneficiarios de pensións non contributivas e de subsidios por desemprego, fundamentalmente.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2011, igual que en anos anteriores, é o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas españolas, aumentando de novo o diferencial coa media estatal, que no ano 2011 é de máis de 130 euros.

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2010-11: distribución segundo réximes
 (1)

	2010			2011 (2)		
	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial
	(en €)					
Réxime Xeral	3.686.381.645,79	3.697.393.679,97	-11.012.034	3.674.852.013,67	3.883.999.182,07	-209.147.168
Réxime especial de traballadores autónomos	678.964.282,06	1.999.079.522,95	-1.320.115.241	672.402.610,23	2.027.027.900,11	-1.354.625.290
Réxime especial agrario	6.188.505,06	41.704.619,41	-35.516.114	6.652.535,61	41.955.521,97	-35.302.986
Réxime especial de traballadores do mar	87.568.996,70	578.224.407,21	-490.655.411	88.106.151,38	596.304.845,26	-508.198.694
Réxime especial da minaría do carbón	1.872.000,47	25.175.231,58	-23.303.231	1.818.453,17	25.467.595,79	-23.649.143
Réxime especial de empregados de fogar	39.451.582,77	112.161.877,10	-72.710.294	39.665.538,24	115.282.276,97	-75.616.739
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	33.084.507,72	203.257.166,32	-170.172.659	32.947.119,71	208.948.959,38	-176.001.840

(1) a táboa refírese ás obrigas contraídas nas transferencias correntes de prestacións económicas e ós dereitos recoñecidos derivados de cotizacións sociais

(2) datos provisionais

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

4.1.1.
Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2010-11

	Total	Gastos de persoal	Gastos correntes, bens e servizos	Gastos financeiros
1 Prestacións económicas	7.337.492.540,89	38.897.139,81	4.694.701,66	29.742,52
11 Xestión prestacións económicas	7.224.853.019,25	19.013.935,39	16.724,99	-
1101 Pensións contributivas	6.915.254.196,33	16.220.666,61	15.404,88	-
1102 Incapacidade temporal e outras prestacións	309.598.822,92	2.793.268,78	1.320,11	-
12 Xestión prest. econ. non contributivas	87.998.500,22	716.371,72	-	-
1202 Protección familiar e outras prestacións	87.998.500,22	716.371,72	-	-
13 Admón e Serv. xerais prestac. económicas	24.641.021,42	19.166.832,70	4.677.976,67	29.742,52
1391 Dirección e servizos xerais	15.016.872,03	9.855.270,75	4.677.976,67	29.742,52
1392 Informac. e atención personalizada	9.251.203,24	8.938.615,80	-	-
1393 Xestión internacional de prestacións	372.946,15	372.946,15	-	-
2 Asistencia sanitaria	3.552.441,24	2.830.439,35	607.195,63	-
21 Atención primaria de saúde	148,98	-	148,98	-
22 Atención especializada	3.640,95	-	1.100,95	-
23 Medicina marítima	3.548.651,31	2.830.439,35	605.945,70	-
3 Servizos sociais	15.907.752,96	11.489.102,69	3.966.871,18	2.198,97
31 Servizos sociais xerais	12.057.895,81	9.163.322,65	2.661.976,48	-
3131 Pres. eco. recup. e acc. universal	5.314.457,42	3.888.296,57	1.368.999,97	-
3134 Aut. pers. e atenc. dependencia	6.743.438,39	5.275.026,08	1.292.976,51	-
34 Outros servizos sociais	3.849.857,15	2.325.780,04	1.304.894,70	2.198,97
3434 Acción asistencial e social	12.437,93	-	-	2.198,97
3435 Acción formativa e xest. emprego	3.043.937,96	1.570.345,49	1.266.847,99	-
3437 Xest. desemprego traballadores do Mar	793.481,26	755.434,55	38.046,71	-
4 Tesor. inform. e outros serv. función	54.284.588,49	45.043.529,92	7.493.169,11	54.127,31
41 Xestión cotiz. e recadación	31.971.592,86	29.232.569,48	1.538.613,81	-
4161 Ext. afil. cot. recad. volunt.	21.062.928,73	19.460.508,26	402.010,90	-
4162 Xest. proced. exc. e espec. de recadación	10.908.664,13	9.772.061,22	1.136.602,91	-
42 Xestión financeira	1.175.008,81	1.159.462,57	-	15.546,24
43 Xestión do patrimonio	196.701,70	52.118,47	143.691,96	-
44 Sistema integrado informat. seg.social	3.966,50	-	3.966,50	-
45 Admon. servizos xerais de tesour.	20.937.318,62	14.599.379,40	5.806.896,84	38.581,07
4591 Dirección e serv. xerais	20.345.925,08	14.007.985,86	5.806.896,84	38.581,07
4592 Información e atención personalizada	591.393,54	591.393,54	-	-
Total	7.411.237.323,58	98.260.211,77	16.761.937,58	86.068,80

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

4.1.3.

Dereitos recoñecidos netos realizados pola TGSS en Galicia 2011⁽¹⁾

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en €)				
Cotizacións sociais	5.086.516.304,00	2.235.008.632,75	569.418.749,90	508.337.008,67	1.773.751.912,68
Réxime Xeral	3.674.852.013,67	1.660.673.525,44	387.241.592,65	361.792.216,57	1.265.144.679,01
Réxime especial de traballadores autónomos	672.402.610,23	270.976.635,75	106.584.387,40	81.803.731,00	213.037.856,08
Réxime especial agrario	6.652.535,61	2.190.719,86	2.202.690,05	506.340,69	1.752.785,01
Réxime especial de traballadores do mar	88.106.151,38	28.881.427,00	8.735.621,61	4.788,51	50.484.314,26
Réxime especial da minaría do carbón	1.818.453,17	1.580.753,20	112.649,38	21.813,12	103.237,47
Réxime especial de empregados de fogar	39.665.538,24	16.249.444,37	5.615.424,98	5.878.243,34	11.922.425,55
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	32.947.119,71	14.307.623,91	4.933.663,19	3.255.890,17	10.449.942,44
Cotizacións de desempregados	570.071.881,99	240.148.503,22	53.992.720,64	55.073.985,27	220.856.672,86
Taxas e outros ingresos	57.930.311,63	22.992.797,49	6.218.885,59	5.774.018,19	22.944.610,36
Transferencias correntes	1.161.886,02	685.197,62	229.254,52	94.326,92	153.106,96
Ingresos patrimoniais	272.557,13	222.749,99	15.596,54	0,00	34.210,60
Enaxenación de investimentos reais	6.990,62	6.990,62	0,00	0,00	0,00
Activos financeiros	535.284,32	217.896,84	76.648,93	62.406,08	178.332,47
Total	5.146.423.333,72	2.259.134.265,31	575.959.135,48	514.267.759,86	1.797.062.173,07

(1) datos provisionais

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

4.1.2.

011

Transferencias correntes	Investimentos reais	Activos financeiros	Pasivos financeiros
(en €)			
7.293.104.487,37	527.460,83	239.008,70	-
7.205.822.358,87	-	-	-
6.899.018.124,84	-	-	-
306.804.234,03	-	-	-
87.282.128,50	-	-	-
87.282.128,50	-	-	-
-	527.460,83	239.008,70	-
-	214.873,39	239.008,70	-
-	312.587,44	-	-
-	-	-	-
99.735,14	15.071,12	-	-
-	-	-	-
2.540,00	-	-	-
97.195,14	15.071,12	-	-
10.238,96	439.341,16	-	-
-	232.596,68	-	-
-	57.160,88	-	-
-	175.435,80	-	-
10.238,96	206.744,48	-	-
10.238,96	-	-	-
-	206.744,48	-	-
-	-	-	-
-	1.417.918,30	255.302,00	20.541,85
-	1.200.409,57	-	-
-	1.200.409,57	-	-
-	-	-	-
-	-	-	-
-	891,27	-	-
-	-	-	-
-	216.617,46	255.302,00	20.541,85
-	216.617,46	255.302,00	20.541,85
-	-	-	-
7.293.214.461,47	2.399.791,41	494.310,70	20.541,85

Tendo en conta que posteriormente se estudan de xeito específico as prestacións sanitarias e sociais, neste capítulo analízanse, en primeiro lugar, o financiamento e a cobertura social do Estado, para posteriormente centrarse nas prestacións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas e prestacións por desemprego.

Financiamento e cobertura social do Estado

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social en 2011 (media anual), **cadro 2.1.2. [Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-11]**, experimentou unha caída do 2,7% respecto ao ano anterior (27.100 afiliacións menos), para acadar as 980.280 persoas afiliadas. A meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle, **cadro 2.1.3. [Afiliados en alta laboral 2010-11: distribución segundo réxime]**, ao 72,7% do total de afiliacións (712.872 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 22,3% das mesmas (218.843 persoas).

Antes de comezar unha análise máis polo miúdo, pódese observar no **cadro 4.1.1.** como o diferencial teórico entre as obrigas contraídas e os

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2011: transferencias correntes a fa

	Total	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario
Pensións	6.898.986.282	3.883.999.182	2.027.027.900	41.955.522
Invalidez/Incapacidade permanente	737.624.992	453.503.601	131.418.521	3.107.878
Xubilación	4.749.604.840	2.633.921.310	1.505.247.318	26.240.899
Viuvez	1.275.398.195	737.966.861	332.663.530	11.163.800
Orfandade	101.500.471	47.368.729	38.460.836	1.100.750
Favor de familiares	34.857.783	11.238.682	19.237.696	342.195
Subsidios	354.355.217	197.011.411	37.129.591	865.991
Incapacidade temporal	170.041.996	110.459.420	30.158.918	787.573
por enfermidade ou accidente	167.892.361	108.309.785	30.158.918	787.573
compensación por colab. de empresas	2.149.635	2.149.635	-	-
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	4.709.691	-	-	-
Maternidade, paternidade e riscos	94.895.403	85.921.980	6.729.648	73.761
Subsidio temporal por maternidade	83.993.614	76.973.590	5.975.524	59.669
Subsidio temporal por risco no embarazo	926.740	-	6.925	-
Subsidio temporal por paternidade	9.853.808	8.948.390	747.199	14.093
Subsidio temporal por risco durante a lactancia natural	95.434	-	-	-
Subsidio cuidado menor cancer-enfermidade grave	25.807	-	-	-
Prestacións familiares	87.268.183	-	-	-
Fillo a cargo	11.066.382	-	-	-
Id. con discapacidade	74.708.189	-	-	-
Nacemento de fillo	577.381	-	-	-
Parto múltiple	916.231	-	-	-
Prestacións e achegas únicas regulamentarias	4.291.671	630.012	241.026	4.657
Auxilio por defunción	519.224	229.331	240.731	4.657
Indemnización a tanto alzado	1.005.500	393.479	295	-
Indemnización por baremo	182.215	-	-	-
Prestacións do Seguro escolar	156.665	-	-	-
Prestacións complementarias D. Transít. Ley 21/1986.S	2.153.316	-	-	-
Outras prestacións, indemnizacións e achegas únicas	34.442	7.201	-	-
Prestacións sociais	31.399.487	-	-	-
Outras prestacións e indemnizacións	15.270	2.542	1.509	141
Total	7.284.756.254	4.081.013.136	2.064.159.000	42.821.654

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

■ 4.1.4.

dereitos recoñecidos pola Tesourería Xeral é negativo en tódolos réximes, sendo esta diferenza moito máis acusada no caso do réxime especial de traballadores autónomos con 1.354,6 millóns de euros de diferenza.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social en Galicia, **cadro 4.1.2.**, acadaron os 5.146 millóns de euros, dos que 5.086 millóns de euros corresponden ás cotizacións sociais. Tras o lixeiro descenso dos dereitos recoñecidos experimentada en 2011, en relación ao ano anterior, as catro provincias galegas manteñen a súa importancia relativa no total de Galicia, de tal xeito que A Coruña acolle o 44% dos dereitos recoñecidos

netos (2.259 millóns de euros) e Pontevedra, o 35% (1.797 millóns de euros). En Lugo e Ourense estas porcentaxes foron do 11,2% (575 millóns de euros) e o 10,1% (514 millóns de euros), respectivamente.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o **cadro 4.1.2.** reflicte que as máis importantes, con grande distancia, son as do réxime xeral, con 3.675 millóns de euros (o 72,2% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 672 millóns de euros (13,2%) e as cotizacións de desempregados, con 570 millóns de euros (11,2%).

familias e institucións sen fins de lucro

do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva
(en €)				
596.304.845	25.467.596	115.282.277	208.948.959	-
45.730.061	1.277.420	9.235.193	93.352.319	-
418.242.253	18.110.842	101.110.282	46.731.937	-
122.343.793	5.635.047	3.541.017	62.084.148	-
7.904.756	302.702	994.497	5.368.201	-
2.083.983	141.585	401.288	1.412.354	-
19.064.423	2.476	5.434.543	11.697.819	87.282.129
18.488.329	-	4.800.049	5.347.708	-
18.488.329	-	4.800.049	5.347.708	-
-	-	-	-	-
-	-	-	4.709.691	-
540.057	1.307	593.381	1.035.269	-
397.561	-	587.271	-	-
-	-	5.786	914.028	-
142.496	1.307	324	-	-
-	-	-	95.434	-
-	-	-	25.807	-
-	-	-	-	87.268.183
-	-	-	-	11.066.382
-	-	-	-	74.708.189
-	-	-	-	577.381
-	-	-	-	916.231
36.038	1.169	41.113	605.151	2.309.981
36.038	1.169	6.359	939	-
-	-	34.754	576.971	-
-	-	-	182.215	-
-	-	-	-	156.665
-	-	-	-	2.153.316
-	-	-	-	27.241
-	-	-	-	-
-	-	80	10.997	-
615.369.269	25.470.072	120.716.900	220.657.776	87.282.129

O importe dos dereitos recoñecidos totais derivados das cotizacións sociais no ano 2011 diminúe lixeiramente en relación ao ano anterior, con 4,7 millóns de euros menos.

O importe total das obrigas contraídas en Galicia polas entidades xestoras e Tesourería Xeral da Seguridade Social ascendeu a 7.411 millóns de euros, dos que 7.293 millóns de euros (o 98,4%) corresponden ás transferencias correntes (**cadro 4.1.3.**). Dentro das transferencias correntes, 7.206 millóns de euros teñen como destino o financiamento da xestión das prestacións económicas contributivas, en concreto 6.899 millóns destínanse ao financiamento das pensións contributivas e 307 millóns ás pensións por incapacidade

temporal e outras prestacións; e 87 millóns de euros teñen como destino a xestión das prestacións económicas non contributivas.

Centrando a análise nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.1.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o de traballadores autónomos, con 4.081 e 2.064 millóns de euros, respectivamente.

As pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 4.750 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez, con 1.275 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 170 millóns de euros.

Prestacións económicas

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 965.948 persoas, practicamente igual que no ano precedente. A estabilidade no número de beneficiarios é consecuencia das compensacións producidas entre os incrementos nas pensión contributivas e nas prestacións contributivas por desemprego, cos descensos nas pensións non contributivas, asistenciais e nos subsidios por desemprego, fundamentalmente.

• Pensións contributivas

O número medio de beneficiarios en Galicia que, no ano 2011, cobraba algún tipo de pensión contributivas da Seguridade Social situouse nas 727.600 persoas, ascendendo o seu importe medio mensual a 674,13 euros por persoa. O número de pensións contributivas en Galicia rexistrou unha medra do 0,9% respecto ao ano anterior (1,5% no conxunto do Estado), situándose a súa importancia relativa no total estatal no 8,3%, igual que no ano anterior.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal:

Prestacións 2010-11: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2010	2011	2010	2011
	(medias anuais, en miles)		(en € / mes)	
Pensións contributivas				
	721,0	727,6	651,88	674,13
Incapacidade permanente	69,1	69,8	735,6	756,2
Xubilación	443,6	448,1	726,3	753,0
Viuvez	182,6	183,8	480,3	493,2
Orfandade e favor familiar	25,7	25,8	361,9	372,1
Pensións non contributivas				
	47,3	45,9		
Invalidez	17,9	17,3	359,3	367,3
Xubilación	29,4	28,7	323,7	331,8
LISMI	1,6	1,4	1912,1	1873,1
	(medias anuais, en miles)			
Pensións asistenciais				
	36,0	27,0		
	(datos a 31-12, en miles)			
Prestacións por desempleo				
Contributivas	78,9	84,1	815,6	825,9
Subsidios	66,1	61,6		
Renta activa de inserción	8,4	11,2	426,0	
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	4.798	5.416	378,18	388,79
AES	2.410	2.319	1.241,74	1.025,85

Fuente: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Traballo e Benestar

4.1.5.

120,16 euros menos en 2008, 124,21 euros inferior en 2009, 127,61 no ano 2010 e 130,83 euros no ano 2011.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.1.6.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 69,8 miles de pensións (69,1 miles de pensións en 2010). O seu importe medio ascendeu ata os 756,15 euros, 113,33 euros inferior á media estatal, o que sitúa a Galicia coma a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Estremadura con 712,88 euros e Murcia, con 752,55 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 448,1 e 183,8 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 8,5% do total das pensións de xubilación de España e o 8% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado, con 752,97 e 493,24 euros, respectivamente, e ao igual que no caso do importe medio para o conxunto das

pensión contributivas en Galicia, aumenta o diferencial coa media estatal.

En canto á distribución segundo réximes, os datos recollidos no **cadro 4.1.7.** indican que o réxime xeral e o especial de traballadores autónomos acollen o maior número de pensións, con 330.535 e 284.425 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 833,76 e 501,94 euros/mes, respectivamente. No réxime especial agrario segue a tendencia decrecente en canto ao número de pensións, perdéndose no ano 2011 un total de 92 pensións contributivas, acadando a cifra de 5.856 pensións, cun importe medio de 498,52 euros. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 53.352 e o seu importe medio, a 799,92 euros, salientando o feito de que o 40,6% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Comparada co resto das autonomías, Galicia é a

Pensiones contributivas nas CC.AA. 2011-10 (1): distribución segundo clase de pensión

2010

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.379,3	715,64	207,7	794,66	736,7	809,52	372,1	548,05	62,7	345,74
Aragón	280,9	807,79	23,6	936,72	173,6	905,38	75,2	589,62	8,4	383,44
Asturias	294,7	930,86	34,8	1.034,18	165,8	1.092,70	84,9	625,11	9,2	446,55
Baleares	165,9	707,95	18,9	768,29	98,8	801,53	43,0	513,57	5,1	310,08
Canarias	253,9	732,16	31,2	760,03	136,5	856,26	71,6	563,78	14,7	342,26
Cantabria	130,7	811,17	14,1	904,12	76,6	927,39	35,1	576,47	4,8	403,37
Castela-A Mancha	340,4	728,49	37,1	779,22	194,6	819,98	94,7	575,10	14,0	361,28
Castela e León	586,8	757,87	43,9	857,14	364,5	852,52	157,8	559,84	20,6	389,91
Cataluña	1.550,7	803,81	166,7	900,36	961,3	897,41	385,1	572,82	37,7	350,80
C. Valenciana	879,8	715,27	95,5	795,77	519,7	800,00	233,9	543,89	30,8	337,19
Extremadura	206,7	664,75	22,3	695,48	113,8	745,35	60,7	553,09	9,9	354,45
Galicia	721,0	651,88	69,1	735,55	443,6	726,29	182,6	480,26	25,7	361,85
Madrid	965,3	922,37	73,1	961,10	606,8	1.060,28	254,5	647,58	31,0	386,50
Murcia	222,4	687,09	32,2	729,32	122,4	778,47	58,4	528,78	9,3	331,95
Navarra	119,3	879,42	11,4	1.015,01	75,1	988,35	28,9	609,24	3,9	386,74
País Vasco	494,8	966,11	44,6	1.089,96	303,6	1.101,45	130,9	674,66	15,8	430,95
A Rioxa	63,6	744,64	5,6	842,10	40,4	820,43	15,8	559,11	1,8	364,97
Ceuta e Melilla	14,8	801,33	1,9	956,84	6,9	973,59	4,9	605,95	1,1	328,84
Total	8.671,0	779,49	933,7	849,86	5.140,6	884,07	2.290,1	571,73	306,6	363,68
G/E (%)	8,3		7,4		8,6		8,0		8,4	

2011

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.399,9	736,81	207,5	810,63	752,6	836,73	376,0	560,74	63,8	355,79
Aragón	283,9	835,49	24,0	958,26	175,8	939,35	75,6	605,56	8,6	391,00
Asturias	296,1	958,81	34,1	1.051,49	167,5	1.128,46	85,1	642,43	9,3	457,00
Baleares	168,8	733,93	18,8	785,78	101,5	833,58	43,3	527,87	5,2	319,00
Canarias	260,9	755,17	31,8	778,90	141,3	884,26	72,8	577,24	14,9	351,72
Cantabria	132,0	837,85	14,1	918,67	77,6	962,15	35,4	591,81	4,9	413,55
Castela-A Mancha	344,7	751,22	38,4	797,47	196,5	848,45	95,3	589,78	14,3	368,12
Castela e León	589,9	782,68	43,9	874,31	366,7	883,28	158,4	574,55	20,8	401,76
Cataluña	1.578,4	830,94	167,7	925,21	983,9	929,38	388,0	587,89	38,8	358,37
C. Valenciana	895,6	738,95	95,9	818,12	532,1	828,36	236,2	557,73	31,4	345,16
Extremadura	208,5	684,17	22,6	712,88	114,9	768,94	61,1	565,97	10,0	366,61
Galicia	727,6	674,13	69,8	756,15	448,1	752,97	183,8	493,24	25,8	372,12
Madrid	990,4	953,43	74,1	979,58	628,0	1.096,39	257,1	664,44	31,3	395,66
Murcia	226,4	709,46	32,6	752,55	125,1	805,37	59,1	542,14	9,5	340,79
Navarra	121,2	910,65	11,3	1.037,17	76,9	1.025,52	29,1	625,73	3,9	395,15
País Vasco	501,8	995,68	44,4	1.112,65	309,6	1.136,36	132,2	692,58	15,7	442,32
A Rioxa	64,3	769,74	5,6	866,50	41,1	849,16	15,9	574,15	1,8	376,39
Ceuta e Melilla	15,0	820,38	1,9	963,93	7,0	1.001,61	4,9	621,04	1,1	335,14
Total	8.805,2	804,96	938,5	869,48	5.246,2	915,24	2.309,3	586,42	311,1	372,91
G/E (%)	8,3		7,4		8,5		8,0		8,3	

(1) medias anuais, en miles; os datos de importe medio están en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.6.

Pensións contributivas en Galicia e España 2010-11 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

2010						
	Galicia		España		Galicia/España	
	número	importe medio	número	importe medio	número (%)	importe medio
Total	724.827	657,87	8.749.054	786,51	8,3	83,6
Réxime Xeral	321.093	809,98	5.194.573	935,00	6,2	86,6
R. E. de traballadores autónomos	287.489	489,12	1.853.836	551,40	15,5	88,7
R.E. Agrario	5.948	488,82	640.546	519,00	0,9	94,2
R. E. de Traballadores do Mar	52.733	778,75	131.464	850,34	40,1	91,6
R. E. da Minería do Carbón	1.585	1.098,70	68.074	1.365,89	2,3	80,4
R. E. de Empregados de Fogar	16.705	470,17	182.501	475,62	9,2	98,9
Accidentes de Traballo	18.097	751,97	209.163	853,54	8,7	88,1
Enfermedades profesionales	2.722	870,25	42.661	1.094,25	6,4	79,5
SOVI	18.455	357,93	426.236	358,73	4,3	99,8
2011						
	Galicia		España		Galicia/España	
	número	importe medio	número	importe medio	número (%)	importe medio
Total	731.215	679,56	8.871.435	811,42	8,2	83,7
Réxime Xeral	330.535	833,76	5.319.324	962,29	6,2	86,6
R. E. de traballadores autónomos	284.425	501,94	1.868.213	568,69	15,2	88,3
R.E. Agrario	5.856	498,52	634.877	529,25	0,9	94,2
R. E. de Traballadores do Mar	53.352	799,92	131.496	872,14	40,6	91,7
R. E. da Minería do Carbón	1.595	1.141,22	67.865	1.407,90	2,4	81,1
R. E. de Empregados de Fogar	16.844	478,11	180.057	484,18	9,4	98,7
Accidentes de Traballo	18.117	776,76	209.131	879,13	8,7	88,4
Enfermedades profesionales	2.772	913,24	42.012	1.116,03	6,6	81,8
SOVI	17.719	365,58	418.460	365,90	4,2	99,9

(1) datos a 31 de decembro de cada ano; os datos do importe medio están en euros/mes
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.7.

primeira con menor importe medio no caso do réxime de traballadores autónomos e a segunda Comunidade con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Estremadura. No caso do réxime especial de traballadores agrarios, o importe medio galego ascende a 498,52 euros, tan só superior ao rexistrado en Baleares e nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, tal como ven acontecendo en anos anteriores.

Á hora de analizar a evolución respecto do ano anterior do número de pensións e do importe medio das mesmas, salienta que o incremento do número de pensións contributivas en Galicia (6.388 máis que no ano 2010), ven motivado fundamentalmente polo incremento das correspondentes ao réxime xeral (9.442 máis), ao réxime especial de traballadores do mar (619 máis), ao réxime da minería do carbón (10 máis), e ao réxime especial de empregados do fogar (139

máis) que compensan as caídas rexistradas no caso dos traballadores autónomos (3.064 menos), no réxime especial agrario (92 menos), e no seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) (736 menos).

O importe medio das pensións contributivas en Galicia acadou os 679,56 euros, 21,7 euros máis que no ano 2010, o que sitúa a Galicia como a Comunidade co importe máis baixo, seguida de Estremadura con 687,9 euros/mes. Por clase de pensión, todas as pensións contributivas teñen en Galicia un importe medio inferior á media estatal. Así mesmo, o importe medio das pensións de xubilación e viuvez galegas é o máis reducido do Estado.

• Pensións non contributivas

O número total de beneficiarios das pensións non contributivas descende novamente no ano 2011,

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2010-11 ⁽¹⁾

	Total			Invalidez			Xubilación		
	2010	2011	11/10 (%)	2010	2011	11/10 (%)	2010	2011	11/10 (%)
Andalucía	104.104	102.924	-1,1	45.192	44.925	-0,6	58.912	57.999	-1,5
Aragón	8.092	7.923	-2,1	2.880	2.873	-0,2	5.212	5.050	-3,1
Asturias	9.813	9.729	-0,9	4.758	4.734	-0,5	5.055	4.994	-1,2
Baleares	7.621	7.638	0,2	3.407	3.391	-0,5	4.214	4.247	0,8
Canarias	42.258	42.160	-0,2	19.196	19.068	-0,7	23.062	23.092	0,1
Cantabria	6.163	6.181	0,3	3.114	3.144	1,0	3.049	3.038	-0,4
Castela-A Mancha	21.038	20.798	-1,1	9.254	9.432	1,9	11.784	11.366	-3,5
Castela e León	23.150	22.740	-1,8	9.881	9.732	-1,5	13.269	13.008	-2,0
Cataluña	56.194	55.905	-0,5	24.665	24.465	-0,8	31.529	31.440	-0,3
C. Valenciana	46.723	46.656	-0,1	20.058	19.986	-0,4	26.666	26.670	0,0
Extremadura	15.239	14.868	-2,4	6.007	5.896	-1,8	9.232	8.972	-2,8
Galicia	47.275	45.930	-2,8	17.879	17.260	-3,5	29.396	28.669	-2,5
Madrid	32.891	32.846	-0,1	13.264	13.200	-0,5	19.628	19.646	0,1
Murcia	14.096	13.957	-1,0	7.376	7.314	-0,8	6.720	6.643	-1,1
Navarra	2.711	2.687	-0,9	829	846	2,1	1.883	1.841	-2,2
País Vasco	9.949	10.107	1,6	5.638	5.708	1,2	4.311	4.399	2,0
A Ríoxa	1.781	1.763	-1,0	761	754	-0,9	1.020	1.010	-1,0
Ceuta e Melilla	4.195	4.194	0,0	2.001	1.985	-0,8	2.194	2.209	0,7
Total	453.293	449.006	-0,9	196.160	194.713	-0,7	257.136	254.293	-1,1
G/E (%)	10,4	10,2		9,1	8,9		11,4	11,3	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.8.

Prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2010-11 ⁽¹⁾

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2010	2011	10/09	2010	2011	10/09
Andalucía	6.066	5.310	-12,5	8.044	6.801	-15,5
Aragón	900	818	-9,1	40	31	-22,5
Asturias	1.068	954	-10,7	41	32	-22,0
Baleares	278	227	-18,3	17	12	-29,4
Canarias	347	317	-8,6	2.420	2.234	-7,7
Cantabria	732	678	-7,4	62	55	-11,3
Castela-A Mancha	3.305	3.024	-8,5	982	843	-14,2
Castela e León	4.376	3.975	-9,2	103	89	-13,6
Cataluña	1.754	1.547	-11,8	67	51	-23,9
C. Valenciana	3.098	2.704	-12,7	1.294	997	-23,0
Extremadura	2.900	2.159	-25,6	375	173	-53,9
Galicia	1.601	1.438	-10,2	36	27	-25,0
Madrid	3.010	2.835	-5,8	1.034	876	-15,3
Murcia	4.366	3.854	-11,7	235	161	-31,5
Navarra	-	-	-	19	9	-52,6
País Vasco	-	-	-	1.341	1.341	-
A Ríoxa	234	204	-12,8	8	3	-62,5
Ceuta e Melilla	652	628	-3,7	70	47	-32,9
Total	34.687	30.672	-11,6	16.188	13.782	-14,9
G/E (%)	4,6	4,7		0,2	0,2	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.9.

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España
2010-11 ⁽¹⁾

	2010	
	Galicia	España
Beneficiarios		
totais	153.315	3.015.405
prestación contributiva	78.875	1.417.460
subsidio	66.053	1.295.100
renta activa de inserción	8.387	149.866
subsidio eventuales agrarios		152.979
Paro rexistrado	237.313	4.100.073
Taxas cobertura ⁽²⁾		
total	73,40	77,39
contributivas	37,76	36,68
subsidio	31,62	33,24
	2011	
	Galicia	España
Beneficiarios		
totais	156.880	2.927.098
prestación contributiva	84.097	1.389.973
subsidio	61.577	1.173.916
renta activa de inserción	11.206	216.518
subsidio eventuales agrarios		146.691
Paro rexistrado	258.234	4.422.359
Taxas cobertura ⁽²⁾		
total	68,00	69,85
contributivas	36,45	33,17
subsidio	26,69	30,18

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) indicador da taxa de cobertura=beneficiarios prestacións / paro rexistrado con exp.laboral+beneficiarios subsidios eventuales agrarios (paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado total - paro rexistrado sen emprego anterior)
Fonte: elaboración propia CES Galicia

4.1.10.

tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. A Comunidade Autónoma de Galicia pasa do terceiro ao cuarto posto entre as comunidades con maior número de beneficiarios, acadando 45.930 beneficiarios (o 10,2% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía, Cataluña e Valencia, con 102.924, 55.905 e 46.656 beneficiarios, respectivamente.

O 37,6% do total de beneficiarios o son de pensións de invalidez, e o restante 62,4%, de pensións de xubilación. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, o **cadro 4.1.8.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 8,9% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,3% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2011 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e

económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.1.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 10,2% respecto a 2010 (163 beneficiarios menos), un descenso porcentual inferior ao experimentado no conxunto do Estado (11,6%).

O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 1.438 beneficiarios (1.601 en 2010), manténdose practicamente estable a súa importancia relativa no conxunto de España no 4,7%.

En relación aos beneficiarios das pensións asistenciais, o devandito **cadro 4.1.9.** amosa que 2011 presenta unha caída do 25% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasan-

do de 36 beneficiarios en 2010 aos 27 beneficiarios do ano 2011. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto mantense no 0,2%.

- **Prestacións por desemprego**

O número total de beneficiarios de prestacións de desemprego, aumentou en 2011 en Galicia fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestación aumentaron un 2,3% respecto ao ano precedente (redución do 2,9% en España), acadando as 156.880 persoas. Un 53,6% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, sendo esta porcentaxe do 51,4% no ano 2010, correspondendo un 39,2% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial (43% no ano anterior) e o 7,1% restante, á renda activa de inserción (5,5% no ano 2010). Por tanto, no ano 2011, en relación ao ano anterior, aumenta a porcentaxe de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego e da renda activa de inserción, mentres que descende a porcentaxe de beneficiarios do subsidio por desemprego.

O **cadro 4.1.10**, reflicte un descenso da taxa de cobertura dos beneficiarios de prestacións contributivas, que pasa do 37,8% de 2010 ao 36,4% do ano 2011. De xeito similar, prodúcese un descenso da taxa de cobertura dos beneficiarios de subsidios (31,6% no ano 2010 e 26,7% en 2011).

O número de prestacións por desemprego de traballadores estranxeiros reduciuse en Galicia no ano 2011 un 5% (445 prestacións menos), producíndose esta diminución integramente nas prestacións de nivel asistencial, mentras que as prestacións contributivas por desemprego aumentan lixeiramente para traballadores estranxeiros en torno ao 0,7%. ■

4.2.

Saúde

A **evolución da poboación galega** reflicte un proceso de estancamento e preocupante envellecemento, que fan da estrutura poboacional un elemento condicionante fundamental da evolución, necesidades e situación actual das prestacións sanitarias. No que respecta á estrutura poboacional en Galicia, en primeiro lugar, cómpre salientar que o 25,9% da poboación galega a un de xaneiro de 2011 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 19,5%. Este maior peso relativo, **cadro 4.2.1.**, implica uns índices de vellez, envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española.

O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (34,6% fronte aos 25,6% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase cinco puntos por baixo (24,2% en Galicia e 29,3% en España). Tendo en conta que o gasto sanitario per cápita aumenta rapidamente coa idade, o proceso de forte envellecemento da poboación en Galicia supón un gran reto para o sistema sanitario.

Os orzamentos da Xunta do ano 2011 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 5.880 millóns de euros, un 6,5% menos que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha diminución do 4,3% acadou os 3.368 millóns de euros, e a correspondente a educación, con 2.222 millóns de euros, un 6,6% menos que en 2010.

No estudo do sistema sanitario galego distinguimos indicadores de saúde, de establecementos sanitarios, de consumo farmacéutico e de gasto sanitario. Con estes indicadores preténdese obter unha visión global e ao mesmo tempo comparada con outras CCAA da sanidade en Galicia.

Indicadores de saúde

A esperanza de vida en Galicia nos últimos dez anos incrementouse significativamente, pasando de 78,9 anos en 1998 a 81,8 anos en 2010, o que unido ás baixas taxas de natalidade existentes, determina a estrutura poboacional galega. No

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2010-11

	2010		2011	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.797.653	47.021.031	2.795.422	47.190.493
menor de 16 anos	343.132	7.371.820	345.355	7.446.863
menor de 20 anos	440.919	9.239.768	440.015	9.282.082
entre 16 e 64 anos	1.834.813	31.718.047	1.820.590	31.650.073
maior de 65 anos	619.708	7.931.164	629.477	8.093.557
85 e máis anos	90.354	1.043.646	93.599	1.097.711
Índices (1)				
vellez	22,2	16,9	22,5	17,2
envellecemento	140,5	85,8	143,1	87,2
sobreenvellecemento	14,6	13,2	14,9	13,6
dependencia xeral	52,5	48,2	53,5	49,1
dependencia xuvenil	24,0	29,1	24,2	29,3
dependencia senil	33,8	25,0	34,6	25,6
de recambio	55,4	92,9	54,9	92,0

(1) índice de vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

índice de dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de recambio: entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos, mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilarse.

Fonte: IGE e INE

■ 4.2.1.

Producción de bens públicos de carácter social 2010-11

	2010	2011	11/10
	(en miles de €)		(%)
Total	6.290.343	5.880.563	-6,5
Sanidade	3.518.369	3.367.671	-4,3
Educación	2.379.152	2.222.223	-6,6
Cultura	119.943	82.091	-31,6
Deportes	34.863	22.755	-34,7
Vivenda	109.848	72.012	-34,4
Outros servizos comunitarios e sociais	128.168	113.811	-11,2

Fonte: Xunta de Galicia

■ 4.2.2.

que respecta ás causas máis importantes que provocan as aproximadamente 30 mil defuncións que se produciron no ano 2010, salientan as relacións co sistema circulatorio e os tumores, que conxuntamente causan o 60,3% das defuncións. Finalmente, a mortalidade infantil dende o ano 1991 ata a actualidade reduciuse pasando do 8,35 por mil ata o 2,22 por mil no ano 2010, sendo notablemente inferior á media estatal, que no citado ano era do 3,16 por mil.

O programa de protección e promoción da saúde pública (413A), ten como obxectivo fundamental

mellorar a saúde da poboación, diminuíndo a incidencia e carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco. O importe presupostado en 2011 para o programa 413A redúcese novamente, este ano un 31,4% en relación ao presupostado no ano anterior, dedicándose un total de 22,6 millóns de euros. O 71,9% do total diríxese ao Programa galego de vacinacións (16,2 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o Programa de aseguramento da calidade no control da EET, que tras unha diminución do 12% do seu importe en relación ao ano

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2010-11

	2010	2011	11/10
	(en miles de €)		(%)
Total	32.908,6	22.560,8	-31,4
Programa de laboratorios de Saúde Pública	200,0	631,4	215,7
Sistema de información matadoiros de Galicia	107,0		-100,0
Rede informática de planificación	300,0		-100,0
Tarxeta sanitaria	1.245,3	254,6	-79,6
Aseguramento Queres	108,0		-100,0
Avaliación de tecnoloxías sanitarias	60,0	17,0	-71,7
Programa indicadores de saúde	125,0		-100,0
Plan de prioridades sanitarias	265,5		-100,0
Protección radiolóxica	5,5		-100,0
Programa de aseguramento da calidade no control da EET	1.967,0	1.731,4	-12,0
Programa de sistemas de información de saúde pública	678,1	145,3	-78,6
Programa de coordinación e calidade	517,5		-100,0
Programa de prevención drogodependencias	1.926,8	20,0	-99,0
Promoción de estilos de vida saudables	780,0	10,0	-98,7
Seguridade alimentaria	644,9	153,1	-76,3
Sanidade ambiental	500,3	199,9	-60,1
Epidemioloxía			-
Coordinación e calidade da saúde pública		171,6	-
Actuacións laboratorios saúde pública	779,5	162,1	-79,2
Planificación, estratexia e avaliación saúde pública			-
Prevención e control de enfermidades transmisibles	1.172,0	450,5	-61,6
Programa galego de vacinacións	15.908,2	16.221,0	2,0
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública			-
Programas sanitarios			-
Equipamento informático saúde pública	1.783,4	1.405,7	-21,2
Programas poboacionais de cribado	3.834,6	950,2	-75,2
Plan galego de estatística		37,1	-

Fonte: Xunta de Galicia

■ 4.2.3.

Enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia e España 2010-2011

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
	(taxas notificadas / 100.000 habs.)			
Enfermidades de transmisión respiratoria				
Gripe	1.088,99	1.558,58	475,61	1.275,65
Varicela	194,55	142,14	342,36	295,75
Lexionelose	2,62	1,74	2,54	2,14
Toberculose respiratoria	19,31	16,48	11,65	10,92
Enf. meningocócica	1,85	2,29	1,14	1,19
Outras				
Meninxite tuberculosa	0,78	0,70	0,19	0,19
Enfermidades de transmisión alimentos				
Disenteria bacilar	0,30	0,11	0,25	0,27
F. tifoidea e paratifoidea	0,07	0,15	0,12	0,17
Enfermidades prevenibles inmunización				
Parotidite	4,73	6,14	5,56	9,63
Tétanos	0,11	0,04	0,02	0,02
Tose ferina	0,22	0,59	1,60	6,73
Hepatite A	0,70	0,59	1,99	1,49
Hepatite B	1,33	1,00	1,87	1,75
Outras hepatites víricas	1,81	1,22	1,53	1,46
Enfermidades transmisión sexual				
Infección gonocócica	2,51		4,17	
Sífilis	2,33	2,22	6,25	6,35
Antropozoonoses				
Brucelose	0,04	0,07	0,23	0,22
Vixiadas pola OMS				
Paludismo	0,66	0,22	0,83	1,02

Fonte: Instituto de Salud Carlos III

■ 4.2.4.

Defuncións segundo as principais

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Enferm. do sangue e mecanismos de inmunidade	Endocrinas, nutricionais e metabólicas	Trastornos mentais e do comportamento	Do sistema nervioso e órganos dos sentidos	Sistema circulatorio
Galicia	29.293	437	7.375	42	715	884	663	11.041
A Coruña	11.384	180	2.925	16	266	304	230	4.329
Lugo	5.139	64	1.192	7	115	171	122	1.968
Ourense	4.625	56	1.058	7	137	187	103	1.791
Pontevedra	8.145	137	2.200	12	197	222	208	2.953
España	371.102	6.530	94.566	1.124	11.382	11.520	10.303	131.774
Galicia	29.749	436	8.111	77	636	1.340	1.317	9.837
A Coruña	11.708	218	3.180	32	226	433	479	3.878
Lugo	4.785	53	1.200	13	130	282	233	1.710
Ourense	4.619	40	1.212	16	101	218	188	1.604
Pontevedra	8.637	125	2.519	16	179	407	417	2.645
España	382.047	6.457	107.188	1.514	12.596	14.798	19.309	119.063

Fonte: INE

■ 4.2.5.

anterior, dada a forte diminución noutras partidas, acolle o 7,7% do presupostado (1,7 millóns de euros). Un aspecto importante a destacar é a desaparición dos investimentos nos ámbitos de “sistema de información matadoiros de Galicia”, “Rede informática de planificación”, “Aseguramento Queres”, “Programa indicadores de saúde”, “Plan de prioridades sanitarias”, “Protección radiolóxica” e do “Programa de coordinación e calidade”; así mesmo os programas de “Prevención drogodependencias” e do de “Promoción de estilos de vida saudables” reducen o seu investimento en torno ao 99%.

Un dos indicadores máis importantes, no ámbito da saúde, é a taxa de morbilidade, entendida como a frecuencia dunha determinada enfermidade nunha proporción de poboación, no noso caso, para cada 100.000 habitantes.

Os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican que tras o descenso rexistrado no ano 2010, no 2011 ascende novamente o número de casos de gripe. Estes aumentaron acadando os 42.171 casos notificados (1.558,6 casos por cada 100.000 habitantes, 1.275,6 casos por cada 100.000 habitantes no conxunto do Estado).

Xunto coa gripe, a tuberculose respiratoria presenta unha taxa de morbilidade en Galicia significativamente superior que no conxunto do Estado (16,48 casos por cada 100.000 habitantes en Galicia fronte aos 10,92 casos de media en España).

Asemade, dos datos proporcionados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, despréndese que en enfermidades como, entre outras, a varicela, lexielose, tuberculose respiratoria, prodúcese un importante descenso no número de casos no ano 2011 fronte ao incremento no número de casos de gripe, enfermidade meningocócica, ou parotidite.

A varicela segue a ser a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos se refire, con 3.846 (1.424 casos menos que en 2010) e un índice de incidencia de 142,1 casos por cada cen mil habitantes.

A principal causa de morte en Galicia no ano 2010 (último dato dispoñible) son as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio, causantes do 33% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 27,3% dos decesos. Na última década, sen embargo, as defuncións por afeccións circulatorias reducíronse nun 10,9%, men-

causas de morte en Galicia e España 1999-2010

1999									
Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Pel e tecido subcutáneo	Sistema osteomuscular e conxuntivo	Sistema xenitourinario	Embarazo, parto e porperio	Orixinadas no período perinatal	Malformacións conxénitas e anomalías cromosómicas	Síntomas, signos anormais clínicos e de laboratorio	Causas externas de mortalidade
3.932	1.210	99	187	443	1	19	47	758	1.440
1.466	457	37	66	168	1	13	24	295	607
750	213	14	46	64	-	2	5	168	238
628	198	19	36	91	-	-	5	125	184
1.088	342	29	39	120	-	4	13	170	411
45.194	18.972	910	3.208	7.713	15	788	1.142	9.550	16.411
2010									
3.477	1.298	100	204	760	1	29	41	1.001	1.084
1.477	552	43	76	259	-	11	12	393	439
486	168	17	34	109	-	5	6	153	186
585	205	18	44	124	-	5	3	105	151
929	373	22	50	268	1	8	20	350	308
40.231	19.110	1.156	3.354	10.485	20	838	978	10.764	14.186

Admisións a tratamento por drogodependencias no Sergas 2009-10 ⁽¹⁾

	2009	2010
	(casos)	
Total	6.533	6.220
Unidade asistencial de drogodependencias e centros de acollida do Proxecto Home	4.352	4.248
Unidades de tratamento de alcoholismo	2.181	1.982

(1) número de casos que inician ou reinician tratamento ambulatorio por problemas de abuso ou dependencia ao alcohol, drogas ilegais, tabaco e outras
 Fonte: Sergas

■ 4.2.6.

tres que as mortes causadas por tumores incrementáronse un 10% (cadro 4.2.5.).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2010, rexistráronse en Galicia 164 casos de sida (2.907 casos no conxunto de España). A partir de mediados da década dos 90 o número de casos de sida comeza a diminuír, tanto en Galicia como en España, de xeito que o número de casos de sida diagnosticados dende o ano 2000 ata a actualidade son o 30% dos detectados antes do ano 2000. En relación á categoría de transmisión dos casos de sida en Galicia, destacar que o 63% dos 3.877 casos de sida rexistrados ata a actualidade (rexistro

dende o ano 1981 ata as notificacións presentadas a 30 de xullo de 2011) son en persoas que usan drogas por vía parenteral, seguido do 21,4% de persoas que mantiveron relacións heterosexuais de risco. Con respecto ao ano 2009, no ano 2010 rexistrouse un descenso do 23% nos casos de sida diagnosticados.

Segundo datos proporcionados pola Dirección Xeral de Xestión Socio-sanitaria e Saúde Mental, o número de casos que iniciou ou reiniciou un tratamento ambulatorio por problemas de abuso ou dependencia ás distintas drogas nos centros da rede asistencial de Galicia foron 6.220, dos que 4.248 casos foron atendidos nas 17 unidades asistenciais de dependencia, conxuntamente co 4

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2010-11⁽¹⁾

	2010	2011	11/10 (%)
Andalucía	289	253	-14,2
Aragón	74	67	-10,4
Asturias	48	31	-54,8
Baleares	44	37	-18,9
Canarias	46	33	-39,4
Cantabria	19	18	-5,6
Castela-A Mancha	139	126	-10,3
Castela e León	212	157	-35,0
Cataluña	246	200	-23,0
C. Valenciana	139	134	-3,7
Extremadura	66	62	-6,5
Galicia	179	145	-23,4
Madrid	82	79	-3,8
Murcia	48	56	14,3
Navarra	31	24	-29,2
País Vasco	51	43	-18,6
A Ríoxa	16	14	-14,3
Total	1.729	1.479	-16,9

(1) datos 2011 son provisionais

Fonte: Dirección General de Tráfico

■ 4.2.7.

centros de acollida do Proxecto Home. Os 1.982 casos restantes son pacientes atendidos nas 6 unidades de tratamento do alcoholismo existentes en Galicia

Outro dos aspectos a ter en conta dentro dos indicadores de saúde é a **sinistralidade**, dentro da que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.2.7.** amosa unha nova redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 145 persoas falecidas (o 9,8% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a cuarta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas, tras Andalucía, Cataluña e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.3.1.** [*Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2010-11: distribución segundo a gravidade e sector económico*] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia decreceu no último ano ata situarse nos 31.149 accidentes (un 15,6 % menos que en 2010).

O 73,2% destes accidentes producíronse conxuntamente nas actividades do sector servizos (13.568 accidentes) e nas ramas industriais

(9.220 accidentes); un 18,4% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (5.724), e o 8,5% restante (2.637 accidentes), no sector primario. A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2011, o 98%, corresponden a accidentes leves (30.623 accidentes), mentres que un 1,7% (526 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 3.695 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, converténdose na quinta C.A. co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, Galicia presenta o segundo índice de incidencia máis elevado de España, por detrás de Asturias, con 6,1 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

Indicadores de establecementos sanitarios


Os datos de establecementos sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos ao número de hospitais e camas, como cualitativos reflectidos nos datos de volume e

Poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde 2000-2011

	2000	2011
Andalucía	6.862.013	7.981.251
Aragón	1.110.880	1.282.065
Asturias	1.040.341	1.049.744
Baleares	807.868	1.081.192
Canarias	1.629.975	2.044.793
Cantabria	508.477	574.393
Castela-A Mancha	1.642.563	2.029.719
Castela e León	2.307.639	2.401.596
Cataluña	6.079.705	7.353.911
C. Valenciana	3.938.806	4.952.236
Extremadura	999.343	1.043.974
Galicia	2.577.402	2.664.696
Madrid	4.775.061	6.160.333
Murcia	1.067.336	1.400.027
Navarra	527.455	627.814
País Vasco	2.045.579	2.136.649
A Ríoxa	250.821	309.385
Ceuta e Melilla	110.233	129.735
Total	38.281.497	45.223.513

(1) non se inclúen na gráfica os datos das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla (77,90% no ano 2000 e 81,8% no 2011)

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad



(1) non se inclúen na gráfica os datos das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla (77,90% no ano 2000 e 81,8% no 2011)

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

4.2.8.

Centros de saúde nas CC.AA. 2011

	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais
Andalucía	216	388	1.117
Aragón	125	121	873
Asturias	84	68	150
Baleares	57	57	103
Canarias	111	109	153
Cantabria	42	42	108
Castela-A Mancha	201	200	1.135
Castela e León	251	247	3.662
Cataluña	362	431	837
C. Valenciana	240	265	595
Extremadura	113	110	412
Galicia	315	393	83
Madrid	310	261	158
Murcia	89	81	186
Navarra	55	57	246
País Vasco	122	137	182
A Ríoxa	19	19	174
Ceuta e Melilla	7	7	-
Total	2.719	2.993	10.174

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.9.

Hospitals nas CC.AA. 2011: distribución segundo dependencia función

	Sistema Nacional de Saúde	Administración Penitenciaria	Comunidade Autónoma	Deputación ou Cabildo	Municipio	Outros Públicos	Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais	Privado Benéfico (Cruz Roja)
Andalucía	43	1	3	-	-	-	1	2
Aragón	17	-	-	-	-	1	1	-
Asturias	9	-	-	-	-	-	-	1
Baleares	7	-	3	1	-	-	1	1
Canarias	9	-	-	5	-	-	-	-
Cantabria	3	-	1	-	-	-	1	-
Castela-A Mancha	17	-	2	2	-	-	1	-
Castela e León	14	-	1	1	-	-	-	-
Cataluña	11	-	2	-	3	39	6	-
C. Valenciana	32	1	1	1	-	-	2	-
Extremadura	8	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	14	-	-	-	-	-	1	-
Madrid	33	-	-	-	-	-	3	-
Murcia	10	-	-	-	-	-	1	-
Navarra	4	-	-	-	-	-	-	-
País Vasco	18	-	-	-	-	-	3	1
A Ríoxa	3	-	-	-	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	2	-	-	-	-	-	-	-
Total	254	2	13	10	3	40	21	5

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.10.

Camas instaladas nos hospitais nas CC.AA. 2011: distribución segundo tamaño do hospital

	Total		ata 99 camas		100-199 camas		200-499 camas		500 ou máis	
	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas
Andalucía	105	22.231	50	2.056	23	3.048	18	4.887	14	12.240
Aragón	29	5.445	11	477	10	1.406	6	1.465	2	2.097
Asturias	20	4.146	8	396	5	656	6	1.805	1	1.289
Baleares	22	3.669	8	424	9	1.360	4	1.063	1	822
Canarias	37	7.597	16	1.052	13	2.068	4	998	4	3.479
Cantabria	8	2.042	1	30	4	469	2	692	1	851
Castela-A Mancha	32	5.783	14	576	10	1.385	5	1.749	3	2.073
Castela e León	37	9.683	14	864	10	1.253	7	2.646	6	4.920
Cataluña	211	34.579	94	4.494	68	9.409	38	12.105	11	8.571
C. Valenciana	63	14.248	21	1.100	15	2.067	20	6.005	7	5.076
Estremadura	18	4.113	7	275	3	335	6	1.981	2	1.522
Galicia	39	10.218	21	1.198	8	982	3	838	7	7.200
Madrid	81	22.137	25	1.923	27	4.059	17	5.400	12	10.755
Murcia	26	4.647	9	514	12	1.620	3	1.025	2	1.488
Navarra	11	2.414	4	147	5	822	1	350	1	1.095
País Vasco	44	8.236	20	1.118	14	1.764	7	2.485	3	2.869
A Ríoxa	5	928	3	211	1	140	-	-	1	577
Ceuta e Melilla	2	422	-	-	1	170	1	252	-	-
Total	790	162.538	326	16.855	238	33.013	148	45.746	78	66.924

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.11.

onal

Privado Benéfico (Iglesia)	Outro Privado Benéfico	Privado non Benéfico	Outro	Ministerio de Defensa	Total
6	-	48	-	1	105
2	-	7	-	1	29
1	3	6	-	-	20
1	-	8	-	-	22
1	1	21	-	-	37
2	-	1	-	-	8
-	-	10	-	-	32
7	2	12	-	-	37
14	40	96	-	-	211
1	2	23	-	-	63
-	2	6	2	-	18
-	2	22	-	-	39
11	1	32	-	1	81
-	2	13	-	-	26
3	2	2	-	-	11
4	2	16	-	-	44
-	-	2	-	-	5
-	-	-	-	-	2
53	59	325	2	3	790

tempo de agarda nas listas de espera constitúen indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario.

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia ascendeu no ano 2011 a 2.664.696 persoas, o que supón un crecemento do un 3,4% nos últimos once anos. Galicia acolle o 5,9% da poboación total protexida polo sistema, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior poboación protexida, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia.

O Sistema Nacional de Saúde organízase en dous niveis asistenciais: atención primaria e atención especializada. A atención primaria pon a disposición da poboación unha serie de servizos básicos, sendo os dispositivos asistenciais principais os Centros de saúde, mentres que a atención especializada préstase en Centros de especialidade e en Hospitais. Dentro desta organización, a localización dos recursos asistenciais responde, basicamente, a unha planificación sobre

Listas de espera en Galicia e no total do SNS 2007-11

		listas de espera cirúrxica				
		2007	2008	2009	2010	2011
		Galicia				
espera estrutural	(nº pacientes)	34.296	34.282	34.048	36.180	35.590
espera media	(en días)	80	71	67	71	84
		Total SNS				
espera estrutural	(nº pacientes)	364.901	372.572	374.194	381.753	--
espera media	(en días)	70	68	63	61	--
		listas de espera en consultas externas				
		2007	2008	2009	2010	2011
		Galicia				
espera media	(en días)	68	61	64	61	55
		Total SNS				
		53	59	52	53	--

Fonte: Sergas e Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.12.

demarcacións demográfica e xeograficamente delimitadas, as áreas de saúde, que establece cada Comunidade Autónoma, tendo en conta factores de diversa índole pero, sobre todo, respondendo a un criterio de proximidade dos servizos ao usuario. As áreas de saúde subdivídense, á súa vez, en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria.

O **cadro 4.2.9.** mostra a existencia en Galicia no ano 2011 de 315 zonas básicas de saúde, só superada en número por Cataluña con 362, o que mostra a gran dispersión da poboación galega, onde desenvolven a súa actividade 393 centros de saúde e 83 consultorios locais.

O **cadro 4.2.10.** mostra o número de hospitais distinguindo a súa dependencia funcional. En Galicia no ano 2011 existen 39 hospitais, dos que 14 son públicos incluídos no Sistema Nacional de Saúde, e 25 privados, dos que dous son benéficos. No que respecta ao número de hospitais públicos (SNS), Galicia dispón dun número menor que outras Comunidades con menor poboación protexida, tal como acontece no caso de Castela-A Mancha, Aragón ou o País Vasco.

No que respecta ao número de camas instaladas nos hospitais de Galicia, e outras CCAA, o **cadro**

4.2.11. mostra como en 2011 había un total de 10.218 camas instaladas, o que supón 3,8 camas instaladas por cada 1.000 persoas protexidas polo SNS (3,6 camas por cada 1.000 habitantes protexidos de media no conxunto do Estado). Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cun maior número de camas instaladas, superada polas catro Comunidades con maior poboación protexida: Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia.

En relación ás **listas de espera**, entendemos lista de espera cirúrxica como o número de pacientes pendentes dunha intervención cirúrxica programada na data de corte. Os pacientes pendentes dunha intervención son aqueles aos que se lles prescribira unha intervención urxente ou non para a que se teña previsto o uso de quirófano, ademais, deberán estar incluídos nun rexistro de pacientes pendentes dunha intervención, sendo a data de entrada en dito rexistro a de prescrición. As datas de corte da lista de espera corresponden a 31 de decembro e 30 de xuño de cada ano. O tempo medio de espera dos pacientes pendentes é o promedio de días de tempo de espera dos pacientes en espera estrutural, calculado como a diferenza en días naturais entre a data de corte a da de entrada.

**Listas de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2011:
distribución segundo especialidade**

Especialidades	pacientes en espera estrutural	tempo medio de espera
	(en días)	
Cirurxía xeral ou de dixestivo	6.207	80
Xinecoloxía	1.552	60
Oftalmoloxía	7.928	86
ORL	1.950	71
Traumatoloxía	9.742	93
Uroloxía	2.173	56
Cirurxía cardíaca	325	66
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.574	74
Cirurxía maxilofacial	692	136
Cirurxía pediátrica	1.290	104
Cirurxía plástica e reparadora	1.231	96
Cirurxía torácica	71	40
Neurocirurxía	499	85
Dermatoloxía	356	31
Total	35.590	84

Fonte: Sergas e Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ **4.2.13.**

A lista de espera de consultas, está referida aos pacientes en espera dunha primeira consulta en atención especializada, sendo o tempo medio de espera o promedio de días que no momento do estudio levan esperando os pacientes pendentes dunha consulta ou proba.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, o ano 2011 presenta unha redución do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica e un incremento nos días de demora media. No ano 2011 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 35.590 persoas, sendo a súa demora media de 84 días (71 días no ano 2010). O 27,4% dos pacientes galegos en lista de espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, e o 22,3% e 17,4% teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo, respectivamente.

O número de **transplantes** de órganos en Galicia incrementouse un 3,6% ao longo do ano 2011, acadando os 291 transplantes (10 máis que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (146) e fígado (80), realizándose 36 de pulmón, 18 de corazón e 11 de páncreas.

O número de transplantes de tecidos aumentou de novo no último ano, pasando de 1.093 no 2010 a 1.303 no 2011, un 19,2% máis. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 885 (36,8% máis que en 2010), e os transplantes de proxenitores hematopoéticos, con 172, un 15,4% máis que no ano anterior (**cadro 4.2.14.**).

En canto ás **doazóns**, no ano 2010 o número de doazóns foi de 85, o mesmo número que nos anos 2009 e 2010.

Comparando por CCAA, Galicia é a sétima Comunidade en número de doantes, tras Andalucía, Cataluña, Madrid, Valencia, Castela e León e País Vasco; a quinta Comunidade en canto a número de transplantes de corazón, fígado e ril; e a cuarta en transplantes de pulmón.

Para finalizar a análise dos indicadores de estado dos establecementos sanitarios, o **cadro 4.2.16.** mostra os indicadores de persoal nos hospitais nas CCAA, para o ano 2009, último dispoñible. Nos hospitais galegos no ano 2009 traballaban 5.039 médicos, o que supón 1,8 médicos por cada 1.000 habitantes e sitúa a nosa Comunidade na media

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2010-11

	2010	2011	11/10 (%)
Doantes de órganos	85	85	0,0
Transplantes de órganos	281	291	3,6
renal	131	146	11,5
hepático	76	80	5,3
cardíaco	23	18	-21,7
pulmonar	46	36	-21,7
de páncreas	5	11	120,0
Transplantes de tecidos	1.093	1.303	19,2
proxenitores hematopoéticos	149	172	15,4
córneas	152	125	-17,8
óseo e osteotendinoso	647	885	36,8
Vascular	7	19	171,4
membrana amniótica	138	102	-26,1

Fonte: Sergas

■ 4.2.14.

Hospitais nas CC.AA. 2009: indicadores de persoal

	Médicos			Diplomados en enfermería			Auxiliares de enfermería		
	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas
Andalucía	11.702	1,4	60,2	21.496	2,6	110,5	17.745	2,2	91,2
Aragón	2.904	2,2	57,6	5.261	4,0	104,3	4.546	3,4	90,1
Asturias	2.224	2,1	59,3	3.641	3,4	97,1	3.033	2,9	80,9
Baleares	1.952	1,8	58,4	3.754	3,5	112,3	3.352	3,1	100,3
Canarias	3.431	1,6	49,6	6.167	3,0	89,2	6.320	3,0	91,4
Cantabria	1.040	1,8	51,1	1.905	3,3	93,7	1.860	3,2	91,4
Castela-A Mancha	4.068	2,0	75,6	5.825	2,9	108,2	4.722	2,3	87,7
Castela e León	4.506	1,8	50,0	8.031	3,2	89,2	6.226	2,5	69,1
Cataluña	15.848	2,2	52,2	23.059	3,2	76,0	18.915	2,6	62,3
C. Valenciana	8.236	1,6	67,5	13.231	2,6	108,5	10.124	2,0	83,0
Extremadura	1.843	1,7	48,2	3.009	2,8	78,7	2.696	2,5	70,5
Galicia	5.039	1,8	51,1	8.861	3,2	89,8	7.186	2,6	72,9
Madrid	12.122	1,9	63,4	21.382	3,4	111,9	17.505	2,8	91,6
Murcia	2.373	1,6	52,6	4.311	3,0	95,6	3.889	2,7	86,2
Navarra	1.472	2,4	62,2	2.872	4,7	121,3	2.096	3,4	88,6
País Vasco	3.648	1,7	46,1	6.269	2,9	79,2	4.919	2,3	62,1
A Rioxa	541	1,7	60,9	958	3,0	107,8	789	2,5	88,8
Ceuta e Melilla	228	1,6	64,2	408	2,9	114,9	287	2,0	80,8
Total	83.177	1,8	56,8	140.440	3,1	96,0	116.210	2,5	79,4

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.16.

Doazóns e transplantes nas CC.AA. 2011

	Doantes	Transplantes					
		Corazón	Corazón-Pulmón	Fígado	Páncreas/Ril	Pulmón	Renal
Andalucía	308	38	14	211	23	24	426
Aragón	48	7	-	30	-	-	74
Asturias	50	11	-	29	-	-	53
Baleares	37	-	-	-	-	-	43
Canarias	73	-	-	40	8	-	116
Cantabria	40	16	28	28	7	44	48
Castela-A Mancha	60	-	-	-	-	-	59
Castela e León	106	5	-	47	5	-	85
Cataluña	238	54	28	187	23	49	581
C. Valenciana	166	31	20	101	11	28	190
Extremadura	38	-	-	21	-	-	44
Galicia	87	18	9	80	11	36	146
Madrid	215	49	31	214	17	49	406
Murcia	57	3	-	64	6	-	54
Navarra	21	5	-	24	-	-	40
País Vasco	100	-	-	61	-	-	123
A Ríoxa	20	-	-	-	-	-	10
Total	1.664	237	130	1.137	111	230	2.498

Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

■ 4.2.15.

Matronas		Médicos interno-residentes		
total	matronas / 1.000 mulleres en idade fértil	total	persoal / 1.000 habs.	persoal / 100 camas
744	0,4	2.897	0,4	14,9
122	0,4	578	0,4	11,5
73	0,3	395	0,4	10,5
79	0,3	297	0,3	8,9
154	0,3	652	0,3	9,4
49	0,3	302	0,5	14,9
193	0,4	791	0,4	14,7
179	0,3	928	0,4	10,3
665	0,4	3.383	0,5	11,1
456	0,4	1.768	0,4	14,5
89	0,3	228	0,2	6,0
173	0,3	980	0,4	9,9
678	0,4	3.532	0,6	18,5
125	0,3	443	0,3	9,8
86	0,6	413	0,7	17,5
176	0,4	548	0,3	6,9
29	0,4	81	0,3	9,1
26	0,7	1	-	0,3
4.096	0,4	18.217	0,4	12,5

estatal e como a sétima comunidade cun maior rateo, por detrás de Navarra (2,4), Aragón (2,2), Cataluña (2,2), Asturias (2,1), Castela-A Mancha (2) e Madrid (1,9) e no mesmo rateo que Baleares, Cantabria e Castela e León.

No citado ano en Galicia había 3,2 traballadores diplomados en enfermería por cada 1.000 habitantes e 2,6 auxiliares de enfermería por cada 1.000 habitantes. Finalmente, destaca o feito de que Galicia ten 0,3 matronas por cada 1.000 mulleres en idade fértil, por debaixo da media estatal que se sitúa en 0,4.

Indicadores de gasto sanitario

O 23 de decembro de 2010 entra en vigor a lei 12/2010, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, que, co fin de paliar o incremento do gasto na prestación farmacéutica, implanta o chamado catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, que ten por obxecto último o financia-

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2011

	Gasto farmacéutico		Receitas facturadas		Gasto medio por receita facturada	
	11/10		11/10		11/10	
	(€)	(%)	(%)	(€)	(%)	(%)
Andalucía	1.823.679.148	-9,0	178.930.991	1,2	10,19	-10,1
Aragón	350.541.791	-10,5	29.414.019	1,6	11,92	-11,9
Asturias	317.137.548	-7,7	25.305.044	1,9	12,53	-9,5
Baleares	204.457.301	-6,9	18.112.849	8,3	11,29	-14,0
Cantabria	141.379.999	-7,3	11.644.823	-1,9	12,14	-5,5
Castela-A Mancha	539.294.129	-9,6	46.048.040	0,2	11,71	-9,8
Castela e León	664.273.905	-8,4	53.810.280	2,0	12,34	-10,2
Cataluña	1.682.689.105	-8,7	154.434.339	2,0	10,90	-10,4
Canarias	487.444.274	-9,1	41.705.661	1,0	11,69	-10,0
C. Valenciana	1.406.691.101	-8,9	114.140.645	0,1	12,32	-9,0
Extremadura	329.916.122	-7,6	27.079.024	2,3	12,18	-9,6
Galicia	829.194.308	-11,0	66.677.377	1,7	12,44	-12,4
Madrid	1.185.733.780	-8,0	110.012.143	3,0	10,78	-10,6
Murcia	385.709.194	-8,2	31.426.208	1,8	12,27	-9,9
Navarra	148.267.156	-8,0	12.297.949	2,1	12,06	-9,9
País Vasco	534.209.181	-7,6	43.551.367	1,6	12,27	-9,0
A Rioxa	79.272.421	-9,7	6.365.271	2,5	12,45	-11,8
Ceuta	14.399.972	-3,7	1.227.124	3,7	11,73	-7,1
Melilla	12.096.560	-2,0	1.049.651	2,7	11,52	-4,5
Total	11.136.386.995	-8,8	973.232.805	1,6	11,44	-10,2

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.17.

Gastos sanitarios das CC.AA. 2008-2011 ⁽¹⁾

	2008		2009		2010		2011	
	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita	total	orzam. / per cápita
Andalucía	9.565,46	1.231,34	9.826,54	1.249,25	9.827,38	1.238,72	9.379,09	1.175,14
Aragón	1.746,82	1.390,73	1.879,71	1.474,49	1.907,63	1.495,80	1.849,08	1.442,27
Asturias	1.368,39	1.305,88	1.558,99	1.480,35	1.639,96	1.557,40	1.551,69	1.478,16
Baleares	1.197,30	1.152,61	1.257,53	1.184,66	1.176,35	1.097,39	1.176,35	1.088,01
Canarias	2.803,52	1.406,64	2.929,94	1.449,13	2.857,01	1.404,26	2.540,92	1.242,63
Cantabria	754,78	1.345,22	793,57	1.396,21	795,93	1.391,71	729,75	1.270,47
Castela-A Mancha	2.634,19	1.345,98	2.852,56	1.429,97	2.918,50	1.449,56	2.814,10	1.386,45
Castela e León	3.333,44	1.387,55	3.408,75	1.414,90	3.518,64	1.462,32	3.461,61	1.441,38
Cataluña	9.159,64	1.271,86	9.426,20	1.289,46	9.888,28	1.346,11	9.200,86	1.251,15
C. Valenciana	5.455,61	1.123,33	5.659,99	1.150,57	5.720,26	1.158,86	5.515,30	1.113,70
Extremadura	1.599,92	1.548,83	1.717,68	1.655,22	1.664,31	1.595,64	1.572,09	1.505,87
Galicia	3.639,00	1.372,52	3.767,12	1.414,42	3.728,81	1.397,89	3.547,32	1.331,23
Madrid	6.953,82	1.174,03	7.122,47	1.178,75	7.081,23	1.157,36	7.134,38	1.158,12
Murcia	1.765,53	1.305,72	1.853,66	1.348,29	1.984,83	1.427,76	2.023,45	1.445,30
Navarra	873,25	1.438,36	906,94	1.468,83	986,76	1.582,36	971,93	1.548,11
País Vasco	3.267,86	1.543,52	3.546,44	1.662,29	3.630,28	1.696,64	3.506,23	1.640,99
A Rioxa	440,80	1.444,89	452,57	1.463,77	411,99	1.329,36	434,33	1.403,85
Total	56.559,33	1.283,34	58.960,64	1.320,28	59.738,15	1.329,47	57.408,47	1.273,09

(1) orzamentos iniciais de gastos

Fonte: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

■ 4.2.18.

mento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo ministerio responsable na materia. Con respecto aos medicamentos, o catálogo selecciona algúns dos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo con tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma presentación e igual número de unidades por envase. O catálogo ten un carácter dinámico, dotado de mecanismos que permiten incorporar modificacións, co gallo de manter un mesmo nivel de prestación con un custo menor.

A implantación no ano 2011 do citado catálogo priorizado de medicamentos, acadou unha redución do gasto na prestación farmacéutica do 11% en relación ao ano anterior, a pesar do incremento do 1,7% no número de receita facturadas, sendo o gasto medio por receita facturada no ano 2011 de 12,4 euros, dous euros menos que o gasto medio no ano 2010.

A factura de receitas prescritas ascendeu ata os 829,2 millóns de euros, o que significa o 7,4% do total estatal, e a sitúa como a quinta comunidade autónoma co gasto máis elevado tras Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid; non obstante, Galicia é a Comunidade Autónoma que porcentualmente reduce en maior medida a súa factura farmacéutica no ano 2011.

Comparando co total estatal, o gasto medio por receita facturada en Galicia segue sendo dos máis elevados do Estado, a pesar de que a redución do gasto farmacéutico en Galicia é máis de dous puntos porcentuais superior ao estatal (11% fronte ao 8,8% de redución en Galicia e no conxunto do Estado respectivamente). Por outra parte, o volume de receita, tras un incremento do 1,7% respecto ao ano anterior, superou os 66 millóns o que suporía unha media de 25 receitas por persoa protexida polo Sistema Nacional de Saúde residente en Galicia, tres e media máis que a media estatal (21,5).

Ao igual que acontece co gasto farmacéutico, os gastos sanitarios, en base ao orzamento inicial

de gasto, reducíronse no ano 2011 en torno ao 4,9% en relación ao ano anterior, pasando a 3.547,3 millóns de euros, o que indica un gasto sanitario de 1.331,2 euros per cápita.

O volume de poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia, así como a estrutura poboacional e xeográfica existente, determinan un gasto sanitario elevado, o quinto máis importante do Estado; este gasto sanitario non se mantén en termos per cápita, xa que Galicia é a décima comunidade autónoma cun menor gasto sanitario per cápita. ■

4.3.

Indicadores de bienestar social

O descenso do número de afiliacións á Seguridade Social, o incremento do desemprego, en concreto do desemprego de longa duración así como do desemprego xuvenil, o descenso do nivel de rendas e dos ingresos e gastos medios por fogar, xunto á forte redución do gasto público, marcan, ao longo do ano 2011, un empeoramento das condicións de vida do conxunto da cidadanía galega.

Este apartado, adicado a mostrar algúns dos principais indicadores de bienestar social, aborda catro aspectos principais: primeiro os indicadores de pobreza e cohesión social; a atención á dependencia e á discapacidade; de seguido, en terceiro lugar, iniciativas sobre familia e infancia; e, para rematar, analízase a violencia e o maltrato na nosa sociedade.

Pobreza e cohesión social

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) é o principal instrumento de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Na estratexia do

II Plan Galego de Inclusión Social vertébranse medidas e recursos específicos do plan con outros externos, tanto públicos como privados.

Ademais, o II Plan Galego de Inclusión Social integra as seguintes medidas específicas como liñas estratéxicas de actuación para abordar a multidimensionalidade dos factores que inciden nas situacións de pobreza e exclusión:

- Plan Especial para a Convivencia e Integración do Pobo Xitano en Galicia.
- Programa de Atención a Persoas Sen Teito e Situacións de Pobreza Cronificada.
- Colaboración activa de máis de 60 entidades e ONG, que realizan, en coordinación coa Rede de equipos e con apoio económico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, accións favorecedoras para a integración social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en exclusión social.
- Módulo de preparación para a liberdade no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña).
- Intervencións con enfoque territorial.
- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

Ingresos medios mensuais por fogar e por persoa 2008-10

	Ingresos por fogar			Ingresos por persoa		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010
	(en euros)					
Total	2.029	2.010	1.977	761	765	764
A Coruña	2.152	2.098	2.108	802	794	811
Lugo	1.969	1.938	1.916	772	772	774
Ourense	1.659	1.729	1.744	693	732	747
Pontevedra	2.052	2.041	1.931	730	738	711

Fonte: IGE

■ 4.3.1.

Fogares 2010: distribución segundo intervalo de ingresos

	ata 400€	400,01 a 600€	600,01 a 1000€	1000,01 a 1500€	1500,01 a 2000€	2000,01 a 2500€	2500,01 a 3000€	3000 a 4000€	máis de 4000€
	(%)								
Total	1,97	4,56	16,70	20,44	16,48	13,51	9,09	10,19	7,06
A Coruña	1,64	3,95	14,61	19,72	16,18	13,46	10,21	11,38	8,85
Lugo	1,63	4,72	18,91	21,88	15,42	11,88	8,67	10,48	6,40
Ourense	2,32	6,02	23,08	20,30	16,45	12,36	7,09	7,29	5,09
Pontevedra	2,36	4,65	15,90	20,83	17,29	14,67	8,65	9,77	5,88

Fonte: IGE

■ 4.3.2.

Rendas medias nas CC.AA. 2009

	Renda media por persoa	Renda media por fogar
	(en €)	
Andalucía	8.035	22.754
Aragón	10.422	26.634
Asturias	10.400	26.285
Baleares	10.164	25.859
Canarias	8.108	22.397
Cantabria	9.972	26.630
Castela-A Mancha	8.565	23.356
Castela e León	9.885	24.888
Cataluña	10.605	27.834
C. Valenciana	9.631	24.982
Extremadura	7.245	19.858
Galicia	9.716	26.139
Madrid	11.332	30.468
Murcia	7.629	22.200
Navarra	13.179	34.409
País Vasco	12.203	30.456
A Rioxa	9.697	25.420
Ceuta e Melilla	8.877	28.525
Total	9.737	26.033

Fonte: INE

■ 4.3.3.

Vivendas familiares 2010-11 ⁽¹⁾ : distribución segundo número de perceptores de ingresos e número de persoas

	Total		unha persoa		dúas persoas		tres persoas		catro persoas		cinco ou máis	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
	(en miles de vivendas)											
Perceptores de ingresos	1019,8	1023,4	205,5	203,0	297,1	313,3	245,2	240,2	180,2	179,4	91,7	87,5
0	19,0	23,1	11,6	11,4	3,4	5,3	1,9	3,3	1,4	1,8	0,7	1,3
1	376,4	382,7	194,0	191,5	100,1	108,3	43,7	44,9	32,7	31,5	6,0	6,5
2	433,2	438,7	0,0	0,0	193,6	199,8	135,2	133,2	85,4	87,3	19,0	18,4
3	129,9	122,3	0,0	0,0	0,0	0,0	64,4	58,8	38,8	38,3	26,7	25,1
4 e máis	61,2	56,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	21,8	20,5	39,3	36,2

Fonte: IGE

4.3.4.

O ingreso medio mensual por fogar en Galicia no ano 2010 (**cadro 4.3.1.**) foi de 1.977 euros, un 1,6% menor que o rexistrado no ano 2009 (2.010 euros); o ingreso por persoa foi de 764 euros no ano 2010, un euro menos do rexistrado no ano anterior. O 20,4% dos fogares galegos no citado ano 2010 tiñan uns ingresos medios mensuais entre 1.000 e 1.500 euros, cando o gasto medio mensual por fogar en hipoteca da vivenda principal no ano 2010 foi de 436,13 euros.

Comparando entre Comunidades Autónomas, no ano 2009 (último dispoñible), Galicia conta cunha renda media persoal anual de 9.716 €, a sétima máis reducida das 17 Comunidades Autónomas, por diante de Estremadura, Murcia, Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha e Valencia (**cadro 4.3.3.**).

O 31,4% dos fogares galegos no ano 2010 obtiñan ingresos exclusivamente por prestacións, porcentaxe que ascende ata o 63,8% no caso dos fogares unipersoais. En relación ao grao de dificultade para chegar a fin de mes, o 59,1% dos fogares galegos no ano 2011 tiñan algún grao de dificultade para chegar a fin de mes, fronte ao 55,1% de media no conxunto do Estado, tendo en conta os datos provisionais que o INE presenta para o ano 2011, Galicia é a cuarta comunidade autónoma cunha maior porcentaxe de fogares nesta situación, por detrás de Murcia (69,5%), Andalucía (67,2%) e Canarias (65,1%), (**cadro 4.3.5.**). En torno ao 50% dos fogares galegos con ingresos medios mensuais entre 600 e 2.000 euros afirman chegar a fin de mes con dificulta-

de (dato correspondente ao ano 2010, último dispoñible).

No ano 2011, segundo datos da EPA, existían en Galicia 23.100 vivendas familiares onde ningún dos seus membros percibía ingresos, das que 3.100 estaban compostas por catro ou máis membros. O número de vivendas familiares nas que só un membro percibe ingresos é de 382.700, o 37,4% do total.

Un xeito de medir o grao de desigualdade na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa total desigualdade. Tendo isto en conta, o **cadro 4.3.6.** mostra como o índice de Gini mantense en Galicia no 0,27 dende o ano 2007, fronte ao índice estatal (0,34 no ano 2010) que mostra unha maior desigualdade na distribución dos ingresos.

Se establecemos o limiar de pobreza no 60% da renda mediana nacional equivalente, en Galicia no ano 2010, a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior é do 16,8%, fronte ao 19,7% que había no ano 2005. Galicia é a sétima Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe de persoas por baixo do limiar da pobreza por detrás de Navarra (7,3%), País Vasco (11,6%), Asturias (12,3%), Aragón e Madrid (13,6% en ambos casos), e Cataluña (15,3%) (**cadro 4.3.7.**).

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de per-

Grao de dificultade dos fogares para chegar a fin de mes nas CC.AA. 2007-11⁽¹⁾

	Con algún grado de dificultade					Con algún grado de facilidade				
	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011
	(%)									
Andalucía	66,7	69,8	68,7	71,4	67,2	33,3	30,0	31,4	28,6	32,8
Aragón	34,3	41,1	32,7	38,5	32,0	65,6	58,9	67,4	61,5	68,0
Asturias	43,1	43,1	47,9	43,4	38,2	56,8	56,7	52,0	56,5	61,9
Baleares	50,6	53,7	57,9	60,1	55,9	49,4	46,3	42,1	40,0	44,1
Canarias	77,5	78,3	72,7	72,0	65,1	22,5	21,6	27,1	28,0	32,4
Cantabria	49,7	61,2	46,4	56,1	48,9	50,1	38,8	53,6	43,9	51,0
Castela-A Mancha	61,1	65,9	57,8	55,5	41,7	38,7	34,1	42,1	44,5	58,2
Castela e León	48,1	51,6	52,9	51,2	46,2	51,8	48,4	47,1	48,9	53,7
Cataluña	56,7	61,4	61,6	58,2	54,0	43,3	38,6	38,2	41,7	46,1
C. Valenciana	57,7	60,5	60,8	59,6	55,5	42,1	39,4	39,1	40,4	44,6
Extremadura	63,2	64,4	64,7	66,3	53,8	36,8	35,7	35,3	33,5	45,6
Galicia	61,3	59,6	60,5	59,4	59,1	38,6	40,4	39,4	40,6	40,9
Madrid	50,9	56,6	53,0	54,5	58,1	49,0	43,4	47,1	45,5	41,9
Murcia	62,4	67,3	75,0	76,7	69,5	37,5	32,7	24,9	23,4	30,6
Navarra	33,7	37,4	37,7	35,8	34,4	66,4	62,6	62,3	64,2	65,6
País Vasco	47,0	41,7	43,4	39,3	39,1	52,7	58,3	56,7	60,8	60,7
A Rioxa	39,6	53,6	50,2	46,4	46,3	60,3	45,4	49,7	53,6	53,8
Total	56,7	59,9	59,0	58,8	55,1	43,3	40,1	40,9	41,2	44,8

(1) datos 2011 son provisionais
Fonte: INE

■ 4.3.5.

Índice de Gini en Galicia e España 2008-2010

	2008	2009	2010
Galicia	0,272	0,278	0,278
A Coruña	0,272	0,277	0,282
Lugo	0,284	0,276	0,266
Ourense	0,279	0,288	0,271
Pontevedra	0,261	0,274	0,276
España	0,312	0,323	0,339

(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ó que pertence
Fonte: IGE

■ 4.3.6.

soas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, tomando como ingreso equivalente de cada persoa o do fogar ao que pertencen. A taxa de risco de pobreza no ano 2010 en Galicia foi do 16,8%, fronte ao 20,7% no conxunto do Estado. Esta taxa é máis elevada en mulleres que en homes e tamén é máis elevada para persoas menores de 24 anos.

Un aspecto relevante en canto resulta determi-

nante dos ingresos e da taxa de risco de pobreza son as taxas de desemprego de longa duración, historicamente superiores para as mulleres que para os homes.

O incremento da incidencia da pobreza en Galicia tamén se observa nos resultados do informe de Cáritas, entre outros, para o ano 2011 “*La realidad de la pobreza en España y en Galicia*”, que reflicte o incremento no período 2007-2010 das persoas atendidas nos servizos de acollida e de asistencia de Cáritas-Galicia ata as 73.884 perso-

Taxas de risco da pobreza nas CC.AA. 2005-10

	2005	2010
	(%)	
Andalucía	27,7	30,1
Aragón	16,2	13,6
Asturias	15,2	12,3
Baleares	16,8	20,6
Canarias	28,5	31,1
Cantabria	14,9	17,2
Castela-A Mancha	29,6	27,8
Castela e León	25,5	21,0
Cataluña	12,7	15,3
C. Valenciana	20,0	20,1
Extremadura	34,6	38,2
Galicia	19,7	16,8
Madrid	12,0	13,6
Murcia	24,7	29,2
Navarra	9,9	7,3
País Vasco	9,5	11,6
A Ríoxa	19,6	20,5
Ceuta e Melilla	33,8	31,0
Total	19,8	20,7

(1) o limiar pobreza establécenos no 60% da mediana de ingresos equivalentes
Fonte: INE

■ 4.3.7.

Taxas de risco da pobreza 2008-2010 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade

	Total	nacionalidade española	nacionalidade estranxeira
	(%)		
2008	13,88	13,40	33,29
2009	14,32	13,68	42,44
2010	14,28	13,46	44,29

(1) a taxa de risco da pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso inferior ó limiar de risco de pobreza, establecido no 60% da mediana de ingresos equivalentes
Fonte: IGE

■ 4.3.8.

as, sendo estas asistencias consecuencia fundamentalmente de situacións de desemprego e, máis recentemente, da perda da protección social.

O 86% do total de axudas ofrecidas por Cáritas en Galicia teñen repercusión directa nas familias, polo que a incidencia destas axudas alcanza preto de 260.000 persoas no ano 2010. As necesidades básicas máis demandadas son as relativas a alimentación, vivenda e emprego, sendo os beneficiarios persoas que aceden por primeira vez a Cáritas ou ben aqueles que deixaran de acudir por ter finalizado o seu proceso de integración.

Por nacionalidade, no **cadro 4.3.8.** pode observarse como o 44,3% da poboación con nacionalidade estranxeira ten un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza, fronte ao 13,5% da poboación con nacionalidade española.

Un dos elementos que tratan de paliar as situacións de pobreza e exclusión son as rendas de integración social.

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (RISGA) a 31 de decembro de 2011 situouse nas 5.416 persoas,

427 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior. A lei 9/1991, modificada pola lei 1/1999 do 5 de febreiro, e modificada pola lei 16/2004, do 29 de decembro, no seu artigo 11, establece que a prestación económica da Renda e Integración Social de Galicia estará integrada por un subsidio básico, un complemento variable en función dos membros que compoñen a unidade de convivencia e, se é o caso un complemento de inserción.

Atendendo a estas diferenzas, as modalidades de percepción das 5.416 persoas beneficiarias da RISGA no ano 2011, son as seguintes: 2.631 persoas perciben o subsidio básico, 1.978 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar, 186 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar e o complemento de inserción, 324 beneficiarios perciben o subsidio básico máis o complemento de inserción e os 297 beneficiarios restantes non se atopan en ningunha das categorías sinaladas, xa que, segundo a súa situación, ben perciben soamente os complementos familiares ou os de inserción.

Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración superaría as 16.000 persoas.

O informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que o perfil xeral dos perceptores da RISGA en 2011, é o dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada, con cargas familiares, que vive en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada, aínda que non en procura do seu primeiro emprego, sendo este perfil igual ao existente en anos anteriores.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (60,1% dos beneficiarios son mulleres), da residencia en núcleos de máis de 50.000 habitantes (o 51,1%), e das persoas beneficiarias con idades compren-

didadas entre 35 e 44 anos (34,1%). En xeral, o nivel de estudos destes perceptores é moi baixo, xa que un 46,6% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 39,5% estudos primarios e un 3,2% carecen de estudos e practicamente non existen persoas beneficiarias con estudos superiores (2%). No relativo á súa problemática básica, o protagonista é o desemprego: un 90,5% das persoas beneficiarias da RISGA atópanse en desemprego, acadando un 89,3% as persoas beneficiarias da RISGA que traballaron algunha vez.

O **cadro 4.3.9.** reflicte que o importe mensual total pagado no caso da RISGA ascendeu a 2.105,7 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 388,8 euros (384,1 euros no ano anterior).

O importe total aboado na Comunidade Autónoma, en concepto de Renda de Integración Social de Galicia, ao longo do ano 2011 foi de 24 millóns de euros, un 6,3% máis que no ano anterior (1,4 millóns de euros máis), incremento orzamentario asociado a un incremento de 433 persoas no número de beneficiarios.

Das 5.375 solicitudes a resolver no último ano (608 pendentes do ano anterior), foron resoltas 4.311 solicitudes (2.497 estimadas e 1.497 denegadas e 317 arquivadas), reducíndose a porcentaxe de resolución de solicitudes ata o 80,2%, porcentaxe seis puntos porcentuais inferior á acadada no ano 2010 (**cadro 4.3.10.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da RISGA, o 49,4% foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 31% inciden en proxectos prelaborais, o que indica que están deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 13,3% en proxectos sociofamiliares (os que inciden nas problemáticas persoais, familiares e sociais), sendo esta porcentaxe dun 6,3% no caso dos proxectos laborais (os que fomentan hábitos de traballo e favorecen a inserción laboral).

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2011: beneficiarios e pagos⁽¹⁾

	Beneficiarios		Importes totais das nóminas		Importes medios	
	Risga	AES	Risga	AES	Risga	AES
	(en €)					
Total	5.416	2.319	2.105.682,9	2.378.952,3	388,79	1.025,85
A Coruña	1.474	516	588.794,6	419.268,3	399,45	812,54
Lugo	559	393	209.690,8	484.462,0	375,12	1.232,73
Ourense	930	409	351.850,0	607.282,9	378,83	1.484,80
Pontevedra	2.453	1.001	955.347,5	867.939,2	389,46	867,07

(1) os datos dos importes corresponden ó mes de decembro
 Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.9.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2010-11: solicitudes

	2010			2011		
	Total	Risga	AES	Total	Risga	AES
Solicitudes a resolver	9.550	4.420	5.130	9.976	5.375	4.601
presentadas no ano	7.789	3.638	4.151	8.950	4.767	4.183
pendentes do ano anterior	1.761	782	979	1.026	608	418
Solicitudes resoltas	8.524	3.812	4.712	8.119	4.311	3.808
estimadas	5.357	2.316	3.041	4.816	2.497	2.319
desestimadas e/ou arquivadas	3.167	1.496	1.671	3.303	1.814	1.489
Solicitudes present. / resoltas (%)	89,3	86,2	91,9	81,4	80,2	82,8

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.10.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2010-11: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais

	Risga		AES		Total	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Total	3.638	4.767	4.151	4.183	7.789	8.950
A Coruña	1.345	1.988	989	1.138	2.334	3.126
Lugo	327	489	481	566	808	1.055
Ourense	499	640	591	651	1.090	1.291
Pontevedra	1.467	1.650	2.090	1.828	3.557	3.478

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.11.

En canto ás axudas de emerxencia social, concedéronse un total de 2.319 AES, o que implicou un gasto mensual, tendo en conta o mes de decembro de 2,4 millóns de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.025,8 euros, oscilando o mesmo entre os 812,5 euros de A Coruña e os 1.484,8 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 4.601 solicitudes de AES a resolver (418 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 3.808 solicitudes (2.319 estimadas e 1.285 denegadas e 204 arquivadas). A igual do que sucede no caso da RISGA, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 9,1 puntos porcentuais, acadando en 2011 o 82,8%.

Das 2.319 axudas concedidas ao longo do ano 2011, o 55,3% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 22,7% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 17,9% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 4% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que un 57,4% reside en núcleos de máis de 50.000 habitantes, o predominio do sexo feminino (o 59,6% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (32,3% dos perceptores), non sendo significativas neste tramo de idade as diferenzas en canto ao sexo dos beneficiarios, salientando tamén que un 20,5% dos beneficiarios teñen entre 25 e 34 anos, sendo neste caso superior a porcentaxe de mulleres que de homes.

No relativo á súa situación laboral, un 63,3% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 30,2% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 69,9%) seguido da vivenda unifamiliar (20,2%). Un 57,7% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 17,2% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. O 43,3% dos beneficiarios das axudas ten os estudos primarios

incompletos e o 36,8% estudos primarios rematados.

Dependencia e discapacidade

Co obxecto de avanzar no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia, publicouse o Decreto 15/2010, de 14 de febreiro que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O 24 de maio de 2010 publícase no BOE o Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, entre outras medidas, o citado Real Decreto Lei modifica certas disposicións contidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Neste senso, entre outras modificacións, con efectos a partir do 1 de xuño de 2010, modifícase o prazo máximo para resolver as solicitudes sobre o recoñecemento da situación de dependencia e a prestación que lle corresponda recibir á persoa beneficiaria en seis meses contados desde a data da solicitude. En consecuencia, o dereito de acceso ás prestacións correspondentes xerarase a partir da resolución en que se recoñeza a concreta prestación para percibir pola persoa beneficiaria. Non obstante, o citado dereito xerarase dende o día seguinte ao do cumprimento do prazo máximo de seis meses sen que se notificase a resolución expresa de recoñecemento da prestación que lle corresponda percibir á persoa beneficiaria.

As persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgún dos graos establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que residan na Comunidade Autónoma de Galicia na data de presentación da solicitude.

Valoración e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2011

	Solicitudes		Ditames		Grado III		Grado II		Grado I Nivel 2		Total beneficiarios con derecho a prestación	
	(número)	(%)	(número)	(%) / solicitudes	(número)	(%) / ditames	(número)	(%) / ditames	(número)	(%) / ditames	(número)	(%) / ditames
Andalucía	414.365	25,6934	382.084	92,2	101.187	26,5	125.096	32,7	43.514	11,4	269.797	70,6
Aragón	49.436	3,06536	46.799	94,7	13.899	29,7	14.330	30,6	5.421	11,6	33.650	71,9
Asturias	35.582	2,20632	30.502	85,7	8.783	28,8	7.905	25,9	3.324	10,9	20.012	65,6
Baleares	24.402	1,51309	22.187	90,9	6.651	30,0	7.550	34,0	2.652	12,0	16.853	76,0
Canarias	37.771	2,34205	30.840	81,6	13.190	42,8	9.196	29,8	2.757	8,9	25.143	81,5
Cantabria	24.504	1,51941	24.405	99,6	7.347	30,1	7.862	32,2	2.652	10,9	17.861	73,2
Castela e León	96.276	5,96976	90.323	93,8	31.930	35,4	25.404	28,1	8.743	9,7	66.077	73,2
Castela-A Mancha	91.050	5,64571	86.465	95,0	23.331	27,0	23.140	26,8	9.710	11,2	56.181	65,0
Cataluña	276.916	17,1706	255.926	92,4	67.990	26,6	82.045	32,1	29.826	11,7	179.861	70,3
C. Valenciana	108.226	6,71074	106.986	98,9	30.057	28,1	31.803	29,7	11.656	10,9	73.516	68,7
Extremadura	45.143	2,79917	40.015	88,6	12.703	31,7	10.740	26,8	4.039	10,1	27.482	68,7
Galicia	89.625	5,55735	79.797	89,0	29.017	36,4	26.177	32,8	7.982	10,0	63.176	79,2
Madrid	150.220	9,31465	143.773	95,7	42.118	29,3	38.228	26,6	16.149	11,2	96.495	67,1
Murcia	50.730	3,1456	49.331	97,2	16.993	34,4	15.766	32,0	5.562	11,3	38.321	77,7
Navarra	18.049	1,11916	17.506	97,0	3.365	19,2	5.349	30,6	2.072	11,8	10.786	61,6
País Vasco	82.656	5,12523	79.235	95,9	18.393	23,2	24.247	30,6	9.024	11,4	51.664	65,2
A Ríoxa	14.027	0,86977	14.027	100	3.977	28,4	3.954	28,2	1.019	7,3	8.950	63,8
Ceuta e Melilla	3.751	0,23259	3.557	94,828046	880	24,7	930	26,1	311	8,7	2.121	59,6
Total	1.612.729	100	1.503.758	93,2	431.811	28,7	459.722	30,6	166.413	11,1	1.057.946	70,4

Fonte: IMSERSO

4.3.12.

A situación de dependencia clasifícase en tres graos, e cada grao de dependencia clasifícase en dous niveis, en función da autonomía das persoas e da intensidade do coidado que require:

- Grao I. Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.
- Grao II. Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.
- Grao III. Gran Dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.12.**, a 31 de decembro de 2011, tiñáanse presentado en Galicia un total de 29.017 solicitudes recoñecidas de grao III, 26.177 de grao II e 7.982 de grao I nivel 2. Galicia é a sétima Comunidade Autónoma en canto a volume de solicitudes de dependencia presentadas, acadando o 5,5% do total estatal, por detrás de comunidades autónomas como Andalucía (25,7%), Cataluña (17,2%), Madrid (9,3%), Valencia (6,7%), Castela e León (6%) e Castela-A Mancha (5,6%).

O total de beneficiarios por dependencia de grao I nivel 2, grao II e III, con dereito a prestación é en Galicia de 63.176 persoas, o 79,2% dos ditames emitidos, residindo en Galicia o 6% dos beneficiarios totais do Estado.

O número de solicitudes presentadas en Galicia non deixou de aumentar, pasando de ao redor de 50.000 en xaneiro de 2009 a preto de 90.000 en decembro de 2011, obtemos polo tanto un incremento do 80% en tres anos, non obstante este incremento foi do 1,9% en relación ás solicitudes presentadas no ano 2010.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter a natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para realizar as actividades básicas da vida diaria.

No procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións correspondentes, os servizos sociais establecerán un Programa Individual de Atención (PIA) no que se determinarán as modalidades de intervención máis axeitadas as súas necesidades, tendo en conta que os servizos terán carácter prioritario e serán prestados polas Comunidades Autónomas, mediante centros e servizos públicos ou persoais. Se non fose posible a atención mediante algún destes servizos, nos convenios incorporaranse a prestación económica vinculada ao servizo.

O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia está configurado en Galicia polo seguinte catálogo de servizos:

- **Teleasistencia.** A súa misión é atender ás persoas dependentes mediante o uso de tecnoloxías da comunicación e da información e apoio dos medios persoais necesarios ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade e illamento, favorecendo a permanencia no seu medio.

- **Axuda no fogar.** O seu cometido é atender no seu domicilio á persoa en situación de dependencia, dando cobertura as súas necesidades domésticas e da vida diaria co obxecto de incrementar a súa autonomía e favorecer a permanencia no seu fogar. O PIA determinará as horas de atención.

- **Centro de día.** Son centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que durante o día prestan atención terapéutica integral ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

- **Atención residencial.** Outorga o dereito a unha

Total

Gran centro residencial
Centro de día, Alzheimer
Residencia
Miniresidencia
Vivenda comunitaria
Puntos de atención á infancia (PAI)
Residencia discapacitados gravemente afectados
Residencia de discapacitados adultos (atención diurna)
Residencia de discapacitados gravemente afectados (atención diurna)
Comedor social
Ludoteca
Residencia de discapacitados adultos
Centro con fogares
Centro de acollida básica
Fogar residencial
Apartamento tutelado
Casa de familia
Vivenda-piso tutelado
Fogares e clubs
Albergue
Escola infantil
Espazo infantil
Casa de acollida
Vivenda-transición á vida autónoma
Centro de acollida-apoio social a procesos terapéuticos
Centro de acollida-transición á vida autónoma
Puntos de encontro familiar
Centro social
Centro de día
Centro ocupacional

(1) centros con permiso de inicio de actividades a 31 de decembro
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

praza de residencia para a atención integral, continuada, de carácter persoal, social e sanitaria. Existen dúas modalidades, permanente ou temporal.

- **Prestacións económicas.** As prestacións económicas, denominadas libranzas, son:

- Libranza para coidados no entorno familiar. É unha prestación económica de carácter mensual destinada a proporcionarlle á persoa dependente recursos económicos para contribuír ao pagamento dos gastos derivados da atención dada por un ou unha coidador/a familiar e así ser atendida no seu contorno familiar. O coidador do entorno deberá cumprir o requisito de alta e cotización na Seguridade Social no convenio especial para coidadores non profesionais.
- Libranza para a contratación de asistencia per-

Centros prestadores de servizos sociais 2011 ⁽¹⁾

Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Outra	
número	prazas	número	prazas	número	prazas	número	prazas	número	prazas	número	prazas
1.473	62.715	540	24.867	210	8.520	269	9.643	443	19.579	11	106
57	9.641	20	3.491	12	2.021	11	1.836	14	2.293		
12	440	4	160	3	110	1	40	4	130		
50	3.921	13	1.167	10	788	11	768	16	1.198		
92	3.473	28	1.055	11	345	37	1.464	16	609		
93	977	17	202	20	197	36	372	20	206		
42	827	9	180	16	320	14	267	3	60		
16	794	8	407	3	155	2	54	3	178		
6	173					5	153	1	20		
11	518	2	106	3	151	4	235	2	26		
9	563	4	288			2	40	3	235		
23	681	8	238			3	105	12	338		
16	749	7	326	4	125	3	114	2	184		
13	464	7	208	1	32	2	74	3	150		
17	476	9	260	2	14	1	8	5	194		
29	602	9	181	2	48	11	235	7	138		
12	354	1	34	7	206	3	86	1	28		
29	225	6	50	3	16	4	32	16	127		
42	320	17	115	6	80	2	16	12	87	5	22
25	1	15	1	4	-	3	-	3	-		
8	195	2	67			1	20	5	108		
470	25.836	204	11.326	47	2.320	52	2.393	167	9.797		
9	248	5	163			2	70	2	15		
6	84									6	84
1	4					1	4				
10	128					4	62	6	66		
2	15					1	7	1	8		
3	-	2	-					1	-		
79	-	23	-	15	-	15	-	26	-		
224	7.882	87	3.492	32	1.138	31	802	74	2.450		
67	3.124	33	1.350	9	454	7	386	18	934		

■ 4.3.13.

soal. É unha prestación económica destinada á contratación dunha persoa que se ocupe da atención personalizada para facilitar ao beneficiario unha vida máis autónoma e o acceso á educación, ao traballo e o exercicio das actividades básicas da vida diaria.

- Libranza para a adquisición dun servizo. É unha prestación económica de carácter mensual destinada á adquisición dun servizo de atención e coidado, entre os previstos no catálogo, cando non exista a posibilidade de acceso a ese servizo en praza pública ou concertada.

• Outros servizos e recursos para a atención da dependencia. En Galicia o catálogo de servizos contempla ademais:

- Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal. Servizo de axuda ao desprazamento programado e non

urxente para achegar ás persoas con discapacidade e/ou dependentes a programas, centros ou servizos.

- Dentro do ámbito do sistema de atención á dependencia a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha un programa de formación non formal e apoio aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia con dereito recoñecido "Xuntos nos Coidados".

- Apoio continuo de atención telefónico aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia co obxecto de prestar información.

• Existen, ademais, axudas económicas destinadas a:

- Adquisición e reparación de axudas técnicas para a autonomía persoal e produtos de apoio. Eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación funcional. Estas axudas teñen carácter de subven-

Beneficiarios de Programas Individuais de Atención nas CC.AA. 2

	Beneficiarios con prestacións	Total prestacións	Prevención dependencia e Promoción A. Persoal		Teleasistencia		Axuda a domicilio		Centros d
			%		%		%		
Andalucía	194.877	264.065	-	-	65.156	24,67	51.551	19,52	12.260
Aragón	22.207	22.229	-	-	-	-	-	-	974
Asturias	14.261	15.918	1	0,01	553	3,47	1.991	12,51	1.382
Baleares	10.311	10.630	-	-	-	-	-	-	733
Canarias	11.009	10.980	46	0,42	-	-	-	-	2.324
Cantabria	15.133	16.243	-	-	1.112	6,85	843	5,19	1.375
Castela-A Mancha	38.876	51.223	951	1,82	6.326	12,12	5.794	11,11	1.525
Castela e León	60.493	67.785	6.179	8,35	4.177	5,65	8.906	12,04	5.942
Cataluña	118.359	143.532	1.616	1,11	10.159	7,00	13.586	9,36	5.005
C. Valenciana	43.762	50.411	1	-	6.681	13,25	-	-	3.128
Extremadura	18.593	19.230	404	2,06	299	1,52	636	3,24	687
Galicia	35.199	37.931	236	0,62	771	2,02	6.192	16,22	3.916
Madrid	79.745	95.902	6.121	6,00	16.927	16,59	21.604	21,18	12.213
Murcia	27.616	33.629	1.053	3,04	5.337	15,39	-	-	2.027
Navarra	8.131	9.339	48	0,51	665	7,08	435	4,63	203
País Vasco	43.821	52.376	-	-	6.052	11,55	5.733	10,95	5.415
A Rioxa	7.675	10.623	650	6,00	1.293	11,47	2.187	19,40	809
Ceuta e Melilla	1.937	2.176	226	9,41	234	9,74	454	18,90	50
Total	752.005	914.222	17.532	1,88	125.742	13,50	119.912	12,87	59.968

(1) datos acumulados a 01-01-2012
 Fonte: IMSERSO

■ 4.3.14.

ción polo que anualmente se publica unha convocatoria á que teñen acceso aquelas persoas recoñecidas en situación de dependencia.

A 31 de decembro de 2011 en Galicia existen 35.199 persoas beneficiarias de Programas Individuais de Atención (PIAs), o 4,7% dos beneficiarios totais estatais, situándose Galicia como a oitava Comunidade Autónoma cun maior número de beneficiarios de PIAs. Sen embargo se temos en conta a implantación do modelo en Galicia, entendendo esta rateo como a porcentaxe de persoas con PIA entre a poboación total, obsérvase que Galicia segue a ser no ano 2011 a quinta Comunidade Autónoma cun menor grao de implantación, só por diante de Madrid, Baleares, Valencia e Canarias, e por detrás tamén da media estatal.

Finalmente, cómpre salientar o papel dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, que, en termos de seguridade social, son aqueles que sexan designados como tais no Programa Individual de Atención e cum-

pran as condicións legalmente previstas. Estes coidadores non profesionais quedarán obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación asimilada a alta, mediante a subscripción dun convenio especial.

O convenio especial terá efecto dende o mesmo día no que a prestación económica para coidados familiares sexa concedida á persoa en situación de dependencia, non será aplicable a subscripción no convenio especial cando o coidador siga realizando ou inicie unha actividade profesional pola que deba quedar incluído no sistema da Seguridade Social así como cando perciba a prestación por desemprego, ou teña a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente ou se trate dun pensionista de viuvez ou en favor de familiares, cando teña 65 ou máis anos.

No ano 2011, en Galicia existen 8.202 afiliacións obrigatorias ao convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de

011 (1): distribución segundo prestación

prestacións

de día/noite	Atención residencial		P.E. vinculada servizo		P.E. coidados familiares		P.E. Asist. persoal		Ratio prestacións por persoa beneficiaria
%	%		%		%		%		
4,64	20.544	7,78	3.699	1,40	110.841	41,97	14	0,01	1,36
4,38	3.304	14,86	4.203	18,91	13.748	61,85	-	-	1,00
8,68	3.201	20,11	1.460	9,17	7.330	46,05	1	0,01	1,12
6,90	1.967	18,50	359	3,38	7.571	71,22	-	-	1,03
21,08	2.421	21,96	174	1,58	6.061	54,97	-	-	1,00
8,47	3.211	19,77	-	-	9.702	59,73	-	-	1,07
2,92	7.743	14,84	2.912	5,58	26.913	51,58	10	0,02	1,32
8,03	8.738	11,81	14.675	19,84	25.311	34,22	36	0,05	1,12
3,45	15.981	11,01	11.807	8,13	86.977	59,92	17	0,01	1,21
6,20	12.768	25,33	3.248	6,44	24.586	48,77	-	-	1,15
3,50	3.252	16,56	5.592	28,48	8.763	44,63	1	0,01	1,03
10,26	6.817	17,86	4.392	11,51	15.803	41,40	40	0,10	1,08
11,97	21.033	20,62	3.666	3,59	20.434	20,03	25	0,02	1,20
5,84	2.265	6,53	994	2,87	23.006	66,33	-	-	1,22
2,16	1.397	14,88	1.206	12,85	5.432	57,87	1	0,01	1,15
10,34	8.338	15,92	1.414	2,70	24.663	47,09	761	1,45	1,20
7,18	1.291	11,45	444	3,94	4.599	40,80	-	-	1,38
2,08	149	6,20	10	0,42	1.279	53,25	-	-	1,12
6,44	124.420	13,35	60.255	6,47	423.019	45,40	906	0,10	1,22

Beneficiarios con prestacións en relación á poboación das CC.AA. 2011 (1)

	Beneficiarios con prestacións (A)		Beneficiarios con dereito a prestacións (B)		Diferencial B-A
	número	% sobre poboación C.A. (2)	número	% sobre poboación C.A. (2)	número
Andalucía	194.877	2,3	269.797	3,2	74.920
Aragón	22.207	1,6	33.650	2,5	11.443
Asturias	14.261	1,3	20.012	1,9	5.751
Baleares	10.311	0,9	16.853	1,5	6.542
Canarias	11.009	0,5	25.143	1,2	14.134
Cantabria	15.133	2,6	17.861	3,0	2.728
Castela-A Mancha	38.876	1,5	66.077	2,6	27.201
Castela e León	60.493	2,9	56.181	2,7	- 4.312
Cataluña	118.359	1,6	179.861	2,4	61.502
C. Valenciana	43.762	0,9	73.516	1,4	29.754
Estremadura	18.593	1,7	27.482	2,5	8.889
Galicia	35.199	1,3	63.176	2,3	27.977
Madrid	79.745	1,2	96.495	1,5	16.750
Murcia	27.616	1,9	38.321	2,6	10.705
Navarra	8.131	1,3	10.786	1,7	2.655
País Vasco	43.821	2,0	51.664	2,4	7.843
A Ríoxa	7.675	2,4	8.950	2,8	1.275
Ceuta e Melilla	1.937	1,2	2.121	1,3	184
Total	752.005	1,6	1.057.946	2,2	305.941

(1) datos acumulados a 01-01-2012

(2) calculado sobre a poboación de dereito a 1-1-2011

Fonte: IMSERSO

■ 4.3.15.

Convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia nas CC.AA. 2009-2011 ⁽¹⁾

	2009 Resoltos		2010 Resoltos		2011 Resoltos	
	Obrigatorios	Voluntarios (2)	Obrigatorios	Voluntarios (2)	Obrigatorios	Voluntarios (2)
Andalucía	40.878	30	52.285	34	53.738	35
Aragón	2.870	25	3.729	51	3.680	65
Asturias	2.431	48	2.923	50	3.118	60
Baleares	724	11	1.123	20	1.272	194
Canarias	976	2	1.647	2	2.643	4
Cantabria	2.615	26	3.597	39	4.231	40
Castela e León	4.857	28	9.153	54	11.144	69
Castela-A Mancha	6.549	13	9.004	16	10.052	17
Cataluña	10.650	98	19.942	191	26.610	78
C. Valenciana	4.663	16	11.782	35	15.910	47
Extremadura	810	0	2.874	2	3.972	19
Galicia	5.680	67	8.782	103	8.202	110
A Coruña	2.133	34	3.127	50	2.926	43
Lugo	713	8	1.150	22	1.064	32
Ourense	981	10	1.627	10	1.421	11
Pontevedra	1.853	15	2.876	21	2.791	24
Madrid	917	10	3.188	43	6.445	107
Murcia	3.576	10	5.827	21	7.292	26
Navarra	762	21	1.094	25	1.329	28
País Vasco	6.630	80	8.063	94	9.600	138
A Rioxa	946	12	1.515	13	1.715	15
Ceuta e Melilla	600	0	746	0	760	0
Total	97.134	497	147.264	793	171.713	1.052

(1) datos acumulados a 26 de decembro de 2011

(2) convenios voluntarios: non se suman, por estar o suscriptor contado no convenio obligatorio

Fonte: IMSERSO

■ 4.3.16.

Persoas discapacitadas 2011 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación discapacitada	222.597	95.407	21.171	26.332	79.687
Grupos de idade					
Menos de 6 anos	1.023				
De 7 a 15 anos	3.233				
De 16 a 29 anos	9.142				
De 30 a 49 anos	40.789				
De 50 a 64 anos	55.939				
De 65 a 74 anos	42.108				
Máis de 75 anos	70.354				
Non consta	9				
Tipo de discapacidade	281.409	125.525	30.368	22.745	102.771
física	161.831	73.970	15.838	12.381	59.642
sensorial	40.577	17.425	4.926	3.490	14.736
psíquica	79.001	34.130	9.604	6.874	28.393

(1) persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ó 33%

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.17.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas nas CC.AA. 2011: distribución segundo tipo e sexo

	Total			Contratos persoas con discapacidade			Contratos temporais persoas con discapacidade		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.525.112	2.011.683	1.513.429	857	560	297	2.802	1.720	1.082
Aragón	377.624	206.434	171.190	234	119	115	402	261	141
Asturias	250.904	119.128	131.776	307	190	117	399	258	141
Baleares	298.418	158.017	140.401	226	121	105	281	169	112
Canarias	542.282	271.900	270.382	262	137	125	701	436	265
Cantabria	146.866	67.757	79.109	105	65	40	131	68	63
Castela-A Mancha	554.416	337.885	216.531	299	176	123	530	368	162
Castela e León	625.526	322.720	302.806	368	221	147	761	481	280
Cataluña	2.043.708	1.057.594	986.114	1.137	680	457	2.697	1.636	1.061
C. Valenciana	1.257.764	710.346	547.418	808	474	334	1.462	886	576
Extremadura	454.461	274.702	179.759	162	110	52	296	165	131
Galicia	646.286	331.817	314.469	451	277	174	913	527	386
A Coruña	271.456	135.801	135.655	188	113	75	353	195	158
Lugo	61.585	31.957	29.628	56	29	27	92	61	31
Ourense	54.174	26.637	27.537	37	27	10	103	65	38
Pontevedra	259.071	137.422	121.649	170	108	62	365	206	159
Madrid	1.647.533	875.152	772.381	1.137	684	453	2.037	1.142	895
Murcia	536.127	352.547	183.580	349	239	110	725	444	281
Navarra	214.788	111.675	103.113	109	64	45	194	141	53
País Vasco	704.152	346.415	357.737	249	147	102	938	596	342
A Ríoxa	100.506	57.139	43.367	65	35	30	122	94	28
Ceuta e Melilla	34.424	16.057	18.367	41	20	21	25	15	10
Estranxeiro	11.270	8.939	2.331	-	-	-	-	-	-
Total	13.972.167	7.637.907	6.334.260	7.166	4.319	2.847	15.416	9.407	6.009

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 4.3.18.

dependencia. Galicia é a sétima Comunidade Autónoma por número de afiliados a este convenio especial. O número de afiliados ao convenio de coidadores profesionais en Galicia reduciuse no último ano un 6,6% despois de incrementos ininterrompidos dende o ano 2008.

O Consello do Goberno da Xunta de Galicia aprobou, o 10 de decembro de 2010, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, modificado, a proposta da comisión de seguimento e avaliación, en outubro de 2011.

Os principios que se enumeran a continuación constitúen o decálogo de principios do plan: Non discriminación, igualdade de oportunidades, respecto pola diversidade, transversalidade das políticas en materia de discapacidade, aborda-xe integral, autonomía e vida independente, accesibilidade universal e deseño para todas/as, transversalidade da perspectiva de xénero, diálogo civil e cooperación e coordinación institucional.

Alguns dos principios deste decálogo constitúen, a súa vez, obxectivos xerais do Plan, que, pola súa importancia, xustifican a existencia dunha área de intervención específica. As dez áreas de intervención prioritarias establecidas no Plan son:

- Protección dos dereitos
- Igualdade de xénero e transversalidade
- Accesibilidade
- Promoción da autonomía persoal
- Educación
- Formación e emprego
- Recursos no ámbito dos Servizos Sociais
- Saúde e atención sociosanitaria
- Atención temperá
- Cultura, deporte e tempo de lecer.

Aproximadamente a metade das actuacións levadas a cabo son nas áreas de accesibilidade, formación e emprego e promoción da autonomía persoal.

No ano 2011, segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, o número de persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao

33% en Galicia ascendeu a 222.597 persoas (**cadro 4.3.17.**), das que o 50% teñen máis de 65 anos. Por tipo de discapacidade, 162 mil persoas teñen unha discapacidade física, 79 mil unha discapacidade psíquica e 40 mil unha discapacidade sensorial.

En relación á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade, en Galicia no ano 2011 iniciáronse 646.286 contratos, dos que 451 foron dos denominados contratos con persoas con discapacidade e 913 contratos dos chamados temporais de persoas con discapacidade; o que supón que 7 e 14 de cada 10.000 contratos iniciais firmados no ano 2011 en Galicia son con persoas con discapacidade e temporais con persoas con discapacidade, respectivamente. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma por porcentaxe de contratación non temporal a persoas con discapacidade (**cadro 4.3.18.**).

Por sectores, 346 dos 451 contratos non temporais con persoas con discapacidade (78,9%) son do sector servizos; no mesmo senso, o 82% dos contratos temporais con persoas con discapacidade están localizados no sector servizos. Finalmente, salienta que dos 25.163 contratos convertidos en indefinidos no ano 2011 en Galicia, 199 eran contratos de persoas discapacitadas.

Familia e infancia

No ano 2011 apróbase a lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia que derroga, entre outras normas, a lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia.

O obxecto desta nova norma é o recoñecemento da familia como estrutura básica da sociedade, regulando a obriga dos poderes públicos de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, en especial, aos nenos, nenas e adolescentes.

A lei 3/2011, co obxectivo principal de protección á familia, establece grupos de familias de especial protección, entre os que se atopan as familias numerosas, monoparentais, familias con

persoas maiores ao cargo, familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias con persoas dependentes ao cargo e as familias acolledoras.

Finalmente, regúlanse unha serie de principios e medidas cara ao fomento da igualdade entre sexos, da conciliación laboral e familiar e do apoio familiar e a mediación.

Por outra banda, no ano 2011 segue en vigor o IV Plan Integral de Apoio ás Familias 2008-2011 que asume, entre outras funcións, a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social nos sectores da familia e infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais. En concreto, compételle a xestión da política familiar en desenvolvemento do previsto na derogada Lei 3/1997 e a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia.

O principal obxectivo que orienta a elaboración do IV Plan de Apoio ás Familias diríxese a trazar as liñas de acción, na mellora das políticas e na calidade dos servizos ás familias incorporando as seguintes claves:

- Adecuación das políticas ás necesidades prioritarias dirixidas ás familias.
- Criterios de eficiencia e de organización coordinada entre os distintos departamentos, institucións e axentes sociais.
- Implicación e corresponsabilidade de todas as institucións e axentes respecto do Plan.

No que respecta ás familias e modelos familiares, o **cadro 4.3.19.** mostra como o 33% dos fogares galegos no ano 2010 estaban constituídos por parellas con fillos, seguidos de parellas sen fillos, co 22,6%, e dos fogares unipersoais, co 21,5% do total dos fogares galegos. En relación ao ano anterior, increméntase en case dous puntos porcentuais o número de fogares unipersoais, sendo a porcentaxe de mulleres que forman fogares unipersoais sobre o total de mulleres do 33,4%, fronte á porcentaxe dos homes, que é do 14%, e fronte ás porcentaxes de mulleres e

Tipoloxía de fogares 2008-10: distribución segundo o sexo da persoa principal

	total	home	muller
	(%)		
Unipersoal			
2008	19,64	12,12	32,67
2009	19,81	12,81	30,20
2010	21,53	13,99	33,40
Sen núcleo			
2008	2,56	1,81	3,86
2009	2,13	1,42	3,19
2010	2,22	1,89	2,74
Parella con fillos			
2008	35,21	43,56	20,73
2009	34,22	42,96	21,24
2010	33,02	40,80	20,80
Parella sen fillos			
2008	21,42	24,98	15,26
2009	22,79	25,74	18,41
2010	22,56	27,14	15,36
Monoparental			
2008	8,64	5,10	14,79
2009	9,40	5,49	15,20
2010	9,61	5,14	16,65
Un núcleo e outros			
2008	8,49	8,57	8,37
2009	7,82	8,03	7,51
2010	7,25	7,40	7,00
Varios núcleos			
2008	4,04	3,87	4,33
2009	3,84	3,57	4,26
2010	3,81	3,65	4,05

Fonte: IGE

■ 4.3.19.

homes en fogares compostos por parellas con fillos, que é, respectivamente, do 20,8% e 40,8%.

En Galicia no ano 2010 celebráronse 9.931 matrimonios (3.425 no primeiro semestre do ano 2011, un 8,5% menos que os celebrados no primeiro semestre do ano 2010) e producíronse 5.659 divorcios. O 33,8% dos matrimonios disoltos no ano 2010 tiñan unha duración de máis de vinte anos (**cadro 4.3.20.**).

No primeiro semestre do ano 2011 nacen en Galicia 10.513 nenos e nenas, tal como se sinala no capítulo 1.4 dedicado á evolución demográfica, o 4,5% dos nacementos totais do Estado no citado semestre, o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma cun maior volume de nacementos, aínda que a moita distancia da inmediatamente seguinte, por detrás de Andalucía (44.125), Cataluña (39.969), Madrid (34.902), Valencia (24.445) e Castela-A Mancha (10.559).

A 31 de decembro do ano 2010 en Galicia tiñan-

se expedidos 763 títulos de familia numerosa, dos que 555 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse nesta categoría as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente.

A 31 de decembro de 2010, segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, existían en Galicia 19.778 títulos de familia numerosa en vigor, o que sitúa a Galicia no sétimo lugar en canto a maior número de títulos, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid, Valencia, Castela-A Mancha e Castela e León (**cadros 4.3.21. e 4.3.22.**).

No que respecta ás solicitudes de adopción de cidadáns galegos, na última década existe un estancamento no número de solicitudes de adopcións nacionais, así estas eran de 256 no ano 2001 e de 243 no ano 2011. Este estancamento confronta co incremento que se produce nas

Divorcios en Galicia e España 2000-2010: distribución segundo duración do matrimonio

Galicia									
	Total	menos de 1 ano	de 1 a 2 anos	de 3 a 5 anos	de 6 a 10 anos	de 11 a 15 anos	de 16 a 19 anos	20 e máis anos	non consta
2000	2.129	-	32	261	536	364	200	696	40
2010	5.659	59	397	699	1.015	952	622	1.915	-

España									
	Total	menos de 1 ano	de 1 a 2 anos	de 3 a 5 anos	de 6 a 10 anos	de 11 a 15 anos	de 16 a 19 anos	20 e máis anos	non consta
2000	37.743	-	838	4.558	8.658	6.309	4.190	11.749	1.441
2010	102.690	816	7.366	14.906	21.232	16.408	11.721	30.241	-

Fonte: INE

■ 4.3.20.

Títulos de familia numerosa 2010 ⁽¹⁾

	Títulos expedidos			Títulos en vigor		
	Total	categoría xeral	categoría especial	Total	categoría xeral	categoría especial
Total	5.763	5.208	555	19.783	18.457	1.326
A Coruña	2.513	2.243	270	8.181	7.618	563
Lugo	512	486	26	1.904	1.800	104
Ourense	517	461	56	1.768	1.605	163
Pontevedra	2.221	2.018	203	7.930	7.434	496

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.21.

Títulos de familia numerosa en vigor nas CC.AA. 2010

	Títulos
Andalucía	89.429
Aragón	12.837
Asturias	-
Baleares	12.921
Canarias	13.868
Cantabria	4.729
Castela-A Mancha	29.547
Castela e León	23.735
Cataluña	87.868
C. Valenciana	46.842
Extremadura	12.903
Galicia	19.778
Madrid	81.656
Murcia	17.576
Navarra	7.977
País Vasco	19.294
A Ríoxa	4.246
Ceuta e Melilla	2.148
Total	487.354

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.22.

Adopcións nacionais 2001-2011

	2001				2011			
	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos
Total	256	113	63	52	243	50	74	57
A Coruña	115	46	30	21	87	7	10	12
Lugo	26	18	15	8	22	5	7	7
Ourense	35	22	5	5	31	12	18	13
Pontevedra	80	27	13	18	103	26	39	25

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.23.

Solicitudes de adopción internacionais 2001-11

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2001	210	104	28	13	65
2002	302	146	27	19	110
2003	397	176	48	17	156
2004	683	304	80	64	235
2005	658	282	60	55	261
2006	618	274	62	56	226
2007	509	208	64	47	190
2008	344	133	47	35	129
2009	361	183	40	23	115
2010	364	164	42	28	130
2011	302	160	32	24	86

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.24.

solicitudes de adopción internacional, que pasan de 210 solicitudes no ano 2001 a 302 no ano 2011, o que supón un incremento do 43,5%. Cabe salientar, sen embargo, a redución de máis do 17% no total de solicitudes de adopción internacional no ano 2011 en relación ao ano anterior.

Prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e da infancia

• Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Tal como mostra o **cadro 4.3.25.**, no ano 2011 prodúcese un incremento dos procesos en vigor tanto no que respecta ás

traballadoras por conta allea (728 en 2010 e 744 en 2011), como no caso das traballadoras por conta propia (18 en 2010 e 40 en 2011), aínda que se reduce tanto para as traballadoras por conta propia como por conta allea a duración media dos procesos finalizados.

No que respecta á comparativa con outras CCAA, Galicia é a oitava Comunidade en canto a procesos en vigor no ano 2010 para traballadoras por conta allea (sétima en canto á duración media dos mesmos), e a sétima en canto a procesos en vigor para traballadoras por conta propia (undécima en canto á duración media destes procesos).

• Prestacións por risco durante a lactancia natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce, cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traba-

Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2010-11

	2010		2011	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	176,8	4181	199,8	4607,3
Procesos en vigor ó final do período	728	16321	744	16458
Duración media dos procesos finalizados (en días)	112,2	110,6	106,4	106,2
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	6,9	201	10,6	245,3
Procesos en vigor ó final do período	18	650	40	728
Duración media dos procesos finalizados (en días)	79,5	87,8	79,4	83,5
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	6,5	97,3	5,8	87,3
Procesos en vigor ó final do período	38	492	41	470
Duración media dos procesos finalizados (en días)	135,8	120,9	143,2	118,4
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,4	4,3	0,5	4,6
Procesos en vigor ó final do período	4	24	2	25
Duración media dos procesos finalizados (en días)	99,7	111,4	59,3	99,7

Fonte: Seguridad Social

■ 4.3.25.

llo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Tal como se mostra no **cadro 4.3.25.**, no ano 2011 con 41 procesos en vigor para traballadoras por conta allea, Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma, por número de procesos, tras Madrid (147) Cataluña (58) e Valencia (51).

• **Prestacións de maternidade:** As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, legalmente establecidos. O **cadro 4.3.26.** mostra como das 16.464 prestacións de maternidade só un 2% (334) son percibidas polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,8%), pero inferior ás porcentaxes alcanzadas no País Vasco (4,5%) ou Navarra (3,7%), que, igual que en anos anteriores, son as máis elevadas do Estado.

• **Prestacións de paternidade:** Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O **cadro 4.3.27.** mostra como no ano 2011 se concederon 12.661 prestacións de paternidade, un 0,7% máis que no ano anterior. Galicia acolle o 4,7% do total das prestacións concedidas no conxunto do Estado, sendo a sexta Comunidade en número de prestacións.

• **Prestacións familiares por fillo a cargo:** Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido. O **cadro 4.3.28.** mostra as prestacións periódicas por fillo a cargo nas diferentes CCAA, salientando o incremento do número de beneficiarios en todas

Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2010-11

	2010			2011		
	percibidas pola nai	percibidas polo pai	(% / total)	percibidas pola nai	percibidas polo pai	(% / total)
Andalucía	58.664	666	1,1	57.007	652	1,1
Aragón	8.940	185	2,0	8.927	194	2,1
Asturias	5.406	130	2,3	5.497	141	2,5
Baleares	7.952	135	1,7	7.593	122	1,6
Canarias	11.106	153	1,4	10.468	170	1,6
Cantabria	4.000	102	2,5	3.842	103	2,6
Castela-A Mancha	12.787	173	1,3	12.273	163	1,3
Castela e León	14.069	329	2,3	13.935	350	2,5
Cataluña	57.925	971	1,6	56.340	1.004	1,8
C. Valenciana	32.685	450	1,4	32.113	419	1,3
Extremadura	6.392	75	1,2	6.434	61	0,9
Galicia	16.346	339	2,0	16.130	334	2,0
Madrid	54.357	972	1,8	52.832	956	1,8
Murcia	10.871	75	0,7	10.264	69	0,7
Navarra	5.169	221	4,1	5.112	199	3,7
País Vasco	16.963	767	4,3	16.930	798	4,5
A Ríoxa	2.319	47	2,0	2.134	45	2,1
Ceuta e Melilla	801	15	1,8	776	18	2,3
Total	326.752	5.805	1,7	318.607	5.798	1,8

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.26.

Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2010-11

	2010	2011
Andalucía	43.577	42.051
Aragón	8.317	8.405
Asturias	4.640	4.675
Baleares	6.004	5.747
Canarias	9.110	8.696
Cantabria	3.654	3.418
Castela-A Mancha	11.963	11.697
Castela e León	12.839	12.514
Cataluña	52.893	51.174
C. Valenciana	27.409	26.889
Extremadura	5.361	5.313
Galicia	12.568	12.661
Madrid	44.599	44.702
Murcia	8.827	8.566
Navarra	4.881	4.785
País Vasco	16.138	15.741
A Ríoxa	2.206	2.075
Ceuta e Melilla	651	606
Total	275.637	269.715

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.27.

Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2010-11: prestacións periódicas

	2010		2011	
	beneficiarios (media anual)	importe (en miles de euros / ano)	beneficiarios (media anual)	importe (en miles de euros / ano)
Andalucía	219.694	251.842	233.656	246.648
Aragón	15.807	30.001	17.453	30.366
Asturias	15.608	33.133	16.282	33.734
Baleares	11.807	19.196	13.227	19.536
Canarias	52.545	67.466	54.844	66.808
Cantabria	7.660	16.104	8.149	16.474
Castela-A Mancha	33.188	52.379	35.969	52.765
Castela e León	35.768	76.860	36.934	77.908
Cataluña	91.465	150.646	100.087	153.527
C. Valenciana	90.045	128.642	98.154	128.867
Extremadura	26.717	37.830	26.969	37.063
Galicia	41.502	83.141	42.128	84.028
Madrid	70.747	126.353	76.512	128.272
Murcia	36.131	52.220	39.038	51.532
Navarra	6.785	14.048	7.389	14.229
País Vasco	23.781	51.768	23.916	52.671
A Rioxa	4.223	7.337	4.711	7.431
Ceuta e Melilla	8.507	9.023	8.535	8.143
Total	791.980	1.207.988	843.951	1.210.001

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.28.

Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2010-11: prestacións de pago único

	2010					2011				
	beneficiarios por parto ou adopción multiple	beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos				beneficiarios por parto ou adopción multiple	beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos			
		Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas		Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas
Andalucía	1.560	4.849	3.620	1.184	45	1.610	4.776	3.596	1.143	37
Aragón	248	585	459	126	-	271	632	493	135	4
Asturias	119	238	135	102	1	144	238	148	83	7
Baleares	181	593	448	144	1	190	500	388	109	3
Canarias	284	1.016	591	406	19	305	925	568	346	11
Cantabria	94	175	109	61	5	117	180	109	67	4
Castela-A Mancha	357	1.151	914	230	7	317	1.064	871	185	8
Castela e León	368	824	601	214	9	371	767	566	191	10
Cataluña	1.574	4.066	3.231	815	20	1.569	3.614	2.973	626	15
C. Valenciana	990	2.599	1.942	629	28	978	2.642	1.985	631	26
Extremadura	135	566	432	127	7	158	572	427	125	20
Galicia	363	662	408	236	18	347	562	343	206	13
Madrid	1.198	2.341	1.485	838	18	1.329	2.306	1.506	790	10
Murcia	308	1.287	1.047	230	10	275	1.255	1.032	212	11
Navarra	130	306	229	75	2	141	281	210	70	1
País Vasco	469	554	311	242	1	515	529	340	185	4
A Rioxa	58	209	190	18	1	61	271	234	37	-
Ceuta e Melilla	32	418	363	49	6	26	367	331	28	8
Total	8.468	22.439	16.515	5.726	198	8.724	21.481	16.120	5.169	192

(1) único cobro de 2500 €, como prestación non contributiva ou dedución no IRPF

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 4.3.29.

Excedencias por cuidados familiares nas CC.AA. 2010-2011

	2010				2011			
	cuidados de fillos		cuidados de familiares		cuidados de fillos		cuidados de familiares	
	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres
Andalucía	161	3.466	110	512	155	3.324	118	523
Aragón	49	1.178	37	168	34	1.105	34	198
Asturias	15	313	6	42	22	304	7	44
Baleares	39	867	19	98	42	792	24	98
Canarias	50	478	21	58	48	456	19	50
Cantabria	14	294	9	47	16	287	17	55
Castela-A Mancha	66	1.518	43	196	55	1.476	46	217
Castela e León	87	2.927	43	250	77	2.377	43	243
Cataluña	218	4.529	130	693	215	4.559	118	657
C. Valenciana	119	3.641	98	457	114	3.445	101	423
Extremadura	23	361	15	51	33	356	13	39
Galicia	29	482	26	96	35	520	23	117
Madrid	418	6.983	237	1.761	378	7.117	243	1.795
Murcia	57	1.605	50	395	50	1.437	38	402
Navarra	81	1.457	20	138	75	1.544	30	130
País Vasco	137	2.799	53	189	173	3.180	43	228
A Rioxa	9	320	10	58	6	298	9	53
Ceuta e Melilla	1	21	-	-	1	22	-	4
Total	1.573	33.239	927	5.209	1.529	32.599	926	5.276

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 4.3.30.

as CCAA, o incremento en Galicia é do 1,5% no número de beneficiarios, o segundo máis reducido do Estado, so por diante de Extremadura cun incremento do 0,9%. No que respecta ao importe das prestacións este incrementábase en Galicia un 1,1%, por encima do incremento medio estatal, que foi do 0,2%. Galicia segue a ser a quinta CCAA cun maior importe medio anual das prestacións periódicas por fillo a cargo.

• Excedencias por cuidados familiares: Dentro das prestacións non económicas destaca o dereito á excedencia para cuidados de familiares, así, os traballadores terán dereito a un período de excedencia non superior a 3 anos para atender ao cuidado de cada fillo; tamén terán dereito a un período de excedencia non superior a 2 anos, para atender ao cuidado dun familiar, ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou incapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Os datos referidos no **cadro 4.3.30.** mostran un aumento no número de excedencias solicitadas en Galicia no ano 2011 en relación ao ano prece-

dente. Con 555 excedencias para cuidado de fillos concedidas no ano 2011, Galicia é a sexta Comunidade con menor número de excedencias, por diante de Cantabria, A Rioxa, Asturias, Extremadura e Canarias. Así mesmo, o 93,7% das citadas excedencias para cuidado de fillo son solicitadas por mulleres. No que respecta ás excedencias para cuidados familiares, Galicia é a sétima Comunidade con menor número de excedencias concedidas, con 140, das que 83,6% son solicitadas por mulleres.

Violencia e maltrato

Entendendo por violencia o uso intencional da forza física ou poder contra un/unha mesmo/a, cara outra persoa, grupo ou comunidade que ten como consecuencia probables lesións físicas, danos psicolóxicos, alteracións do desenvolvemento, abandono e incluso morte, debemos distinguir distintos tipos de violencia, en concreto a violencia de xénero e a violencia familiar.

A violencia de xénero está dirixida ás mulleres polo mesmo feito de sexo, é dicir, por considerar que o sexo feminino é inferior e debe continuar

Denuncias por violencia de xénero en Galicia e España 2007-11

	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia	5.181	5.959	6.068	5.270	5.153
A Coruña	1.983	2.402	2.401	1.997	1.875
Lugo	433	538	581	502	559
Ourense	564	660	619	685	540
Pontevedra	2.201	2.359	2.467	2.086	2.179
España	126.293	142.215	135.540	134.105	139.155

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género e CGPJ

■ 4.3.31.

Vítimas mortais por violencia de xénero nas CC.AA. 2007-11

	2007	2008	2009	2010	2011
Andalucía	8	9	14	17	16
Aragón	2	1	-	2	2
Asturias	2	1	-	5	2
Baleares	1	1	1	2	1
Canarias	6	5	5	7	3
Cantabria	2	-	-	-	-
Castela-A Mancha	5	3	1	3	1
Castela e León	3	6	1	4	2
Cataluña	12	10	10	12	9
C. Valenciana	10	10	9	8	8
Extremadura	-	-	1	1	-
Galicia	5	7	3	2	3
Madrid	9	11	5	7	9
Murcia	2	4	2	1	2
Navarra	1	3	-	-	1
País Vasco	2	3	2	2	2
A Ríoxa	-	2	1	-	-
Ceuta e Melilla	1	-	1	-	-
Total	71	76	56	73	61

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

■ 4.3.32.

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia 2003-11

	Galicia	España	% Galicia / España
Contratos bonificados			
2003-2011 (1)	154	3.125	4,9
Contratos de sustitución			
2005-2011 (1)	18	603	3,0
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción			
2006	511	10.924	4,7
2007	569	13.291	4,3
2008	641	16.883	3,8
2009	794	22.010	3,6
2010	921	25.512	3,6
2011 (2)	887	25.889	3,4
Axudas para cambio de residencia			
2005-2011 (2)	547	9.517	5,7

(1) ata setembro 2011

(2) xaneiro-setembro 2011

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

■ 4.3.33.

nunha posición de subordinación con respecto ao masculino.

A violencia familiar é infrinxida por persoas do medio familiar e dirixida, xeralmente, ás persoas máis vulnerables do mesmo: nenos, nenas, persoas anciáns, persoas discapacitadas. A violencia doméstica está dirixida á persoa ou persoas que convivan xuntas. Non é preciso que existan lazos familiares.

No que respecta á violencia de xénero, o número de denuncias no primeiro semestre do ano 2011 acadou as 5.153, o 3,7% do total estatal.

Dende a súa posta en marcha no ano 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e universal. A cifra total de chamadas referentes a violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 3 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2011, no conxunto de España, foi de 297.582, das que 13.489 foron efectuadas desde Galicia (4,5%)

Segundo o número de chamadas, Galicia é a sétima comunidade autónoma: 70.282 foron realizadas desde Madrid (23,6% do total), 40.851 dende Andalucía (16,8%), 38.552 dende Cataluña (13%), 30.590 dende Valencia (10,3%), 18.266 dende Canarias (6,1%), 13.860 dende Castela e León (4,7%), 13.489 dende Galicia (4,5%), 10.586 dende Castela-A Mancha (3,7%) e 8.824 dende Murcia (3%). O menor número de chamadas procedían de Ceuta, Melilla e A Ríoxa, con 441, 647 e 1.555, respectivamente, e cun peso sobre o total, entre as tres, do 0,9%.

Obsérvase, en base ao sinalado, que o maior número de chamadas se realiza principalmente dende os lugares con máis poboación, que se corresponden con Madrid, o litoral mediterráneo, os dous archipiélagos, Sevilla, A Coruña e Asturias.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.32.**, Galicia rexistrou ao longo do ano 2011 tres mortes por violencia de xénero, unha máis que no ano ante-

rior, cifra que representa o 4,9% dos 61 casos rexistrados no conxunto de España no ano 2011, onde claramente se observa un descenso no número de vítimas despois das 73 do ano 2010.

Das dezasete CCAA e dúas cidades autónomas, Galicia comparte un quinto lugar con Canarias, mentres que Andalucía, con 16 casos rexistrados de mulleres mortas por violencia de xénero, sitúase como a Comunidade Autónoma co maior número de vítimas mortais.

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2011 rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 134.002 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 15.460 renuncias ao proceso (un 11,5% do total). Das 134.000 denuncias, rexístranse en Galicia 5.133 (3,7%) das cales 331 renunciaron ao proceso (un 6,4% do total).

Finalmente, o **cadro 4.3.33** mostra os dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia ata setembro de 2011. Os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero desde o ano 2003 ata setembro de 2011 ascenderon a 154 o 4,9% do total estatal; o número de mulleres vítimas de violencia perceptoras da Renda Activa de Inserción é crecente dende o ano 2006, ata acadar as 921 mulleres en 2010 e as 887 ata setembro do ano 2011. ■

4.4.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Neste apartado adicado as cuestións medioambientais, a atención centrarase en aspectos como o cambio climático, a biodiversidade, os datos de incendios forestais, o tratamento de residuos sólidos ou indicadores da calidade das augas de baño de Galicia.

Cambio climático

O cambio climático é un problema de gran transcendencia para todos os gobernos do mundo, que precisa, para afrontalo, de medidas axeitadas. Neste senso, celebrouse a última conferencia das partes da Convención Mundial Marco de Nacións Unidas sobre o cambio climático (COP17), a COP-MUP7 e a 35ª Reunión dos Órganos subsidiarios, en Durban (Sudáfrica), do 28 de novembro ao 9 de decembro de 2011. O obxectivo era chegar a un acordo que reforzase o marco multilateral da loita contra o cambio climático, a través de 3 elementos:

- Un proceso para determinar un marco legal, aplicable a tódolos países, a partir de 2015, que facilite a acción climática.

- A posta en marcha do Fondo Verde para o clima.
- A continuación do Protocolo de Kioto a través dun segundo período de compromiso.

Como elemento básico a cumprir dentro dos protocolos medioambientais está a redución das emisións de CO₂. Neste senso, o **cadro 4.4.2** mostra datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005. No ano 2011, o volume total de asignacións que cobren ás 59 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 10,77 millóns de toneladas de CO₂. As emisións declaradas ascenderon a 11,06 millóns de toneladas, sendo o balance correspondente a este ano 2011 lixeiramente negativo en 29.000 toneladas de CO₂, a causa das maiores emisións declaradas das que tiñan asignadas as instalacións de xeración de enerxía eléctrica. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,1% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignación e emisións declaradas foi do 7,1% en ámbolos dous casos.

Principais indicadores ambientais de Galicia e España

			Galicia	España
Agricultura				
Consumo de fertilizantes	(en miles tm)	2011	38,9	1.659,8
Consumo produtos fitosanitarios	(en Kg/ha.)	2009	6,3	222,9
Superficie agricultura ecológica	(% sobre SAU)	2010	1,6	6,5
Superficie regadio	(% sobre SAU)	2011	3,4	13,7
Fogares				
Turismos	(turismos/fogar)	2010	1,4	1,3
Producción residuos urbanos	(en tm/fogar)	2009	1,2	1,3
Vidro reciclado	(en kg/hab.)	2010	14,0	15,1
Renta dispoñible bruta	(en €/fogar)	2009	39.290	41.678
	(en €/hab.)	2009	14.554	15.488
Medio urbano				
Presión urbana no territorio	(hab./km2)	2011	65,6	73,7
Natureza e biodiversidade				
Superficie pertenciente á Red Natura 2000	(% superficie total)	2010	13,2	29,2
Superficie terreo forestal	(% superficie total)	2009	68,8	54,7
Superficie terreo forestal protexido	(% superf. forestal)	2009	15,8	40,1
Incendios forestais	(en ha.)	2011	36.610,6	84.490,1
Incendios forestais	(en ha./sinistro)	2011	5,8	5,3
Pesca				
Capacidade da flota (arqueo)	(en tm. Brutas)	2011	167.657	398.901
Potencia da flota	(en cv.)	2011	414.056	1.223.964
Desastres naturais e tecnolóxicos				
Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (estradas)		1997-2008	28	576
Accidentes con posibles danos ambientais producidos por transporte mercadorías perigosas (ferrocarril)		1997-2008	-	40
Accidentes industriais nos que interven substancias químicas perigosas		1997-2009	3	35
Accidentes buques petroleiros cuxo verquido de hidrocarburos supere as 7 toneladas		1997-2008	10	72
Turismo				
Visitantes parques nacionais	(persoas)	2011	322.396	10.181.164
Superficie parques nacionais	(en ha.)	2011	8.480	374.030
Turismo rural	(nº turistas)	2011	142.793	2.714.066
	(permocitacións)	2011	294.050	7.685.350
Turismo estranxeiro en CC.AA. con costa	(por km de costa)	2011	480	5.039
	(taxa crecemento)	(2004-2011)	-5,3	-17,6

